

Parámetros	Técnicas instrumentais (1)	Límite de detección (Porcentaxe do valor paramétrico) (2)	Precisión (Porcentaxe do valor paramétrico) (3)	Exactitude (Porcentaxe do valor paramétrico) (4)
Níquel disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Chumbo disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Selenio disolto.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica (logo de filtración).	10	10	10
Zinc total.	Espectrofotometría de emisión por plasma-ICP ou absorción atómica.	10	10	10

(1) Poderán utilizarse técnicas instrumentais alternativas ás indicadas sempre que os límites de detección, a precisión e a exactitude sexan, como mínimo, os que figuran na táboa e non teñan descritas interferencias non corrixibles de substancias que poidan encontrarse no medio simultaneamente co parámetro analizado.

(2) Enténdese por límite de detección o triplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra natural que conteña unha baixa concentración do parámetro, ou ben o quintuplo da desviación típica relativa dentro do lote dunha mostra en branco.

(3) Enténdese por precisión o erro aleatorio e exprésase habitualmente como a desviación típica (dentro de cada lote e entre lotes) da dispersión de resultados arredor da media. Considérase unha precisión aceptable o dobre da desviación típica relativa.

(4) Enténdese por exactitude o erro sistemático e representa a diferenza entre o valor medio dun gran número de medicións reiteradas e o valor exacto.

ANEXO 3

Método de control

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, o control das substancias preferentes realizarase tomando en consideración o seguinte:

1. As mostras deberán ser representativas da calidade do medio acuático nos tramos afectados por vertidos que conteñan as devanditas substancias.

2. A frecuencia mínima da determinación das concentracións na auga será mensual. Agora ben, naquelas zonas onde, no prazo dun ano, a media aritmética dos resultados obtidos para unha substancia sexa significativamente inferior ó obxecto de calidade aplicable, a citada frecuencia será trimestral.

3. Malia o establecido no punto anterior, o control dos biocidas realizarase durante os períodos de aplicación e naqueles de maior vulnerabilidade do medio acuático.

4. As determinacións analíticas en sedimentos e organismos acuáticos efectuaranse, como mínimo, unha vez ó ano, facendo, así mesmo, coincidir este control co período de maior vulnerabilidade do medio acuático.

a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, autoriza o Goberno para que no prazo de seis meses a partir da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» elabore un texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, incluíndo a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais, ó que se incorporen as modificacións que no texto da Lei de contratos das administracións públicas se introducen pola propia Lei 53/1999, antes citada e pola disposición adicional primeira da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, pola que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca; polo artigo 2 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria; polos artigos 72, 148 e 149 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; polo artigo 77 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; polo artigo 56 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e polo artigo 30 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.

Por outra parte, a Decisión da Comisión Europea (1999/C 379/08), publicada no «Diario oficial das Comunidades Europeas», número C 379, do 31 de decembro, e reflectida na Orde do ministro de Facenda do 10 de febreiro de 2000, impón novas alteracións no texto da Lei de contratos das administracións públicas ó ter que ser substituídas, a partir do 1 de xaneiro de 2000, as cifras que figuran nela, para aplicación das directivas comunitarias e do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, polas cifras que en euros, dereitos especiais de xiro e pesetas se incorporan ás disposicións indicadas. Ademais, o artigo 30 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, establece que, desde o 1 de xaneiro de 1999 ata o 31 de decembro do ano 2001, os importes

MINISTERIO DE FACENDA

11533 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.* («BOE» 148, do 21-6-2000.)

A disposición derradeira única, número 2, da Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica

monetarios utilizados como expresións finais nas normas que a partir da dita data se dicten, deberán facer constar a continuación o importe equivalente na unidade de conta euro ó tipo de conversión.

Ademais, a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que se refunden xustifican outras modificacións que se inspiran en diversos criterios, tales como a introducción de determinadas precisións terminolóxicas e aclaracións do texto que teñen como finalidade contribuir á aclaración dos seus preceptos, corrixindo erros de concordancia, axustando a numeración dos artigos, e coordinando os preceptos e as remisións e referencias entre artigos.

En consecuencia, elaborouse un texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, que se incorpora como anexo a este real decreto lexislativo e que ten por obxecto, en cumprimento do mandato legal, recolle-las modificacións que quedaron detalladas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2000,

DISPÓÑO:

Artigo único.

Apróbase o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas que se insire a seguir.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei e, en particular, as seguintes:

1. A Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.
2. A Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, agás a súa disposición adicional segunda, que conserva a súa vixencia
3. A disposición adicional primeira da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, pola que se adoptan medidas excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca.
4. O artigo 2 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.
5. Os artigos 72, 148 e 149 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
6. O artigo 77 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
7. O artigo 56 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira única.

O presente real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,

CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ANEXO

Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas

LIBRO I

Dos contratos das administracións públicas en xeral

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Do ámbito de aplicación da lei

Artigo 1. *Ámbito de aplicación subxectiva.*

1. Os contratos que celebren as administracións públicas axustaranse ás prescricións desta lei.
2. Enténdese por administracións públicas para os efectos desta lei:
 - a) A Administración xeral do Estado.
 - b) As administracións das comunidades autónomas.
 - c) As entidades que integran a Administración local.

3. Deberán así mesmo axustar a súa actividade contractual a esta lei os organismos autónomos en todo caso e as restantes entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas, sempre que naquelas se dean os seguintes requisitos:

- a) Que fosen creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil.
- b) Que se trate de entidades cunha actividade maioritariamente financiada polas administracións públicas ou por outras entidades de dereito público, ou ben, cunha xestión sometida a un control por parte destas últimas, ou nas que os órganos de administración, de dirección ou de vixilancia estean compostos por membros máis da metade dos cales sexan nomeados polas administracións públicas e outras entidades de dereito público.
4. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira.

Artigo 2. *Adxudicación de determinados contratos de dereito privado.*

1. As entidades de dereito público non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior quedarán suxeitas ás prescricións desta lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación, respecto dos contratos nos que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que se trate de contratos de obras e de contratos de consultoría e asistencia e de servizos relacionados cos primeiros, sempre que o seu importe, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros equivalentes a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro), se se trata de contratos de obras, ou a 35.660.846 pesetas (214.326 euros equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro), se se trata de calquera outro contrato dos mencionados.

b) Que a principal fonte de financiamento dos contratos proceda de transferencias ou achegas de capital provenientes directa ou indirectamente das administracións públicas.

2. Quedan suxeitos ás prescricións a que se refire o punto anterior os contratos de obras da clase 50, grupo 502, da Nomenclatura Xeral de Actividades Económicas das Comunidades Europeas (NACE), os de construción relativos a hospitais, equipamentos deportivos, recreativos ou de ocio, edificios escolares ou universitarios e a edificios de uso administrativo, e os contratos de consultoría e asistencia e de servizos que estean relacionados cos contratos de obras mencionados, cando sexan subvencionados directamente pola Administración con máis do 50 por 100 do seu importe, sempre que este, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 831.930.000 pesetas (5.000.000 de euros), se se trata de contratos de obras, ou a 33.277.200 pesetas (200.000 euros), se se trata de calquera outro contrato dos mencionados.

Artigo 3. *Negocios e contratos excluídos.*

1. Quedan fóra do ámbito desta lei:

a) A relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral.

b) As relacións xurídicas derivadas da prestación por parte da Administración dun servizo público que os administrados teñen a facultade de utilizar mediante o aboamento dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral ós usuarios.

c) Os convenios de colaboración que celebre a Administración xeral do Estado coa Seguridade Social, as comunidades autónomas, as entidades locais, os seus respectivos organismos autónomos e as restantes entidades públicas ou calquera deles entre si.

d) Os convenios de colaboración que, consonte as normas específicas que os regulan, celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ó dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais. Quedarán así mesmo excluídos desta lei os convenios que sexan consecuencia do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

e) Os acordos que celebre o Estado con outros estados ou con entidades de dereito internacional público.

f) Os contratos de subministración relativos a actividades directas dos organismos autónomos das administracións públicas de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, se os bens sobre os que versan foron adquiridos co propósito de devolvelos, con ou sen transformación, ó tráfico xurídico patrimonial, de acordo cos seus fins peculiares, e sempre que tales organismos actúen en exercicio de competencias específicas atribuídas a eles pola lei.

g) Os contratos e convenios derivados de acordos internacionais celebrados de conformidade co Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, relativos a obras ou subministracións destinadas á realización ou explotación en común dunha obra ou relativos ós contratos regulados no título IV, libro II desta lei, destinados á realización ou explotación en común dun proxecto.

h) Os contratos e convenios efectuados en virtude dun acordo internacional celebrado en relación co estacionamento de tropas.

i) Os contratos e convenios efectuados polo procedemento específico dunha organización internacional.

j) Os contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación.

k) Os contratos relacionados coa compravenda e transferencia de valores negociables ou doutros instru-

mentos financeiros e os servizos prestados polo Banco de España. Enténdense así mesmo excluídos os contratos relacionados coa instrumentación de operacións financeiras de calquera modalidade realizadas para financiar as necesidades previstas nas normas orzamentarias aplicables, tales como préstamos, créditos ou outras de natureza análoga, así como os contratos relacionados con instrumentos financeiros derivados concertados para cubri-los riscos de tipo de xuro e de cambio derivados dos anteriores.

2. Os supostos recollidos no punto anterior regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Artigo 4. *Liberdade de pactos.*

A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración e deberá cumprilos a teor deles, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación básica en favor daquela.

Artigo 5. *Carácter administrativo e privado dos contratos.*

1. Os contratos que celebre a Administración terán carácter administrativo ou carácter privado.

2. Son contratos administrativos:

a) Aqueles que teñan por obxecto directo, conxunta ou separadamente, a execución de obras, a xestión de servizos públicos e a realización de subministracións, os de consultoría e asistencia ou de servizos, excepto os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos.

b) Os de obxecto distinto ós anteriormente expresados, pero que teñan natureza administrativa especial por resultaren vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfaceren de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela ou por declaralo así unha lei.

3. Os restantes contratos celebrados pola Administración terán a consideración de contratos privados e, en particular, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, propiedades incorporais e valores negociables, así como os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos.

Artigo 6. *Contratos mixtos.*

Cando un contrato administrativo conteña prestacións correspondentes a outro ou outros administrativos de distinta clase atenderase, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen, ó carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Artigo 7. *Réxime xurídico dos contratos administrativos.*

1. Os contratos administrativos rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola

presente lei e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, os contratos administrativos especiais, que se definen no artigo 5.2, parágrafo b), rexeranse polas súas propias normas con carácter preferente.

2. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes nos contratos administrativos.

Artigo 8. *Contratos administrativos especiais.*

1. Os contratos administrativos especiais adxudicaranse de conformidade co disposto no libro I desta lei, sen prexuízo do establecido no artigo 7.1.

2. No prego de cláusulas administrativas particulares farase constar:

- a) O seu carácter de contratos administrativos especiais.
- b) As garantías provisionais e definitivas.
- c) As prerrogativas da Administración a que se refire o artigo 59.1.
- d) O alcance das prórrogas, sen que poidan producirse estas por mutuo consentimento tácito.
- e) As causas específicas de resolución que se establezan expresamente.
- f) A competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para coñecer das cuestións que poidan suscitarse en relación con eles.

3. Serán causa de resolución, ademais das establecidas no artigo 111, as seguintes:

- a) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada nel para o seu comezo, agás que no prego se sinala outro menor.
- b) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, agás que no prego se sinala outro menor.
- c) As modificacións do contrato, aínda que fosen sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis ou en menos, ó 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído, ou representen unha alteración substancial del.

Artigo 9. *Réxime xurídico dos contratos privados.*

1. Os contratos privados das administracións públicas rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola presente lei e polas súas disposicións de desenvolvemento e en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado. Ós contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables aplicaráselles, en primeiro lugar, en canto á súa preparación e adxudicación, as normas da lexislación patrimonial das correspondentes administracións públicas.

2. Os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos, adxudicaranse conforme as normas contidas nos capítulos II e III do título IV, libro II, desta lei.

3. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes nos contratos privados. Non obstante, consideraranse actos

xurídicos separables os que se dicten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de acordo coa normativa reguladora da dita xurisdicción.

CAPÍTULO II

Da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

Artigo 10. *Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.*

1. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa é o órgano consultivo específico da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e demais entidades públicas estatais, en materia de contratación administrativa. Estará adscrita ó Ministerio de Facenda. A súa composición e réxime estableceranse regulamentariamente.

2. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa promoverá, se é o caso, as normas ou medidas de carácter xeral que considere procedentes para a mellora do sistema de contratación nos seus aspectos administrativos, técnicos e económicos.

3. As comunidades autónomas poderán crear, así mesmo, xuntas consultivas de contratación administrativa, con competencias nos seus respectivos ámbitos territoriais.

CAPÍTULO III

Disposicións comúns ós contratos das administracións públicas

Artigo 11. *Requisitos dos contratos.*

1. Os contratos das administracións públicas axustaranse ós principios de publicidade e concorrència, agás as excepcións establecidas pola presente lei e, en todo caso, ós de igualdade e non discriminación.

2. Son requisitos para a celebración dos contratos das administracións públicas, agás que expresamente se dispoña outra cosa nesta lei, os seguintes:

- a) A competencia do órgano de contratación.
- b) A capacidade do contratista adxudicatario.
- c) A determinación do obxecto do contrato.
- d) A fixación do prezo.
- e) A existencia de crédito adecuado e suficiente, se do contrato se derivan obrigas de contido económico para a Administración.
- f) A tramitación de expediente, ó que se incorporarán os pregos nos que a Administración establece as cláusulas que han de rexe-lo contrato que se vai celebrar e o importe do orzamento do gasto.
- g) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, relativos ós contratos, nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria ou nas correspondentes normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.
- h) A aprobación do gasto polo órgano competente para iso.
- i) A formalización do contrato.

Artigo 12. *Órganos de contratación.*

1. Os ministros e os secretarios de Estado son os órganos de contratación da Administración xeral do Esta-

do e están facultados para celebrar no seu nome os contratos, no ámbito da súa competencia.

Os representantes legais dos organismos autónomos e demais entidades públicas estatais e os directores xerais das distintas entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, son os órganos de contratación duns e outros; os titulares dos departamentos ministeriais a que estean adscritos poderán fixa-la contía a partir da cal será necesaria a súa autorización para a celebración dos contratos.

Nos departamentos ministeriais nos que coexistan varios órganos de contratación, a competencia para celebra-los contratos de subministración e de consultoría e asistencia e de servicios que afectan o ámbito de máis dun órgano de contratación, corresponderalle ó ministro, agás nos casos en que a competencia se lle atribúa á Xunta de Contratación e sen prexuízo do disposto nos artigos 182, parágrafo g), e 210, parágrafo f), desta lei para a contratación de bens e servicios declarados de uniformidade obrigatoria para a súa utilización específica polos servicios dun determinado departamento ministerial.

2. Non embargante, o órgano de contratación necesitará a autorización do Consello de Ministros nos seguintes supostos:

a) Cando o orzamento sexa igual ou superior a 2.000.000.000 de pesetas (12.020.242,09 euros).

b) Nos contratos de carácter plurianual cando se modifiquen as porcentaxes ou o número de anualidades legalmente previstos ós que se refire o artigo 61 da Lei xeral orzamentaria.

c) Cando o pagamento dos contratos se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou mediante o sistema de arrendamento con opción de compra e o número de anualidades supere o previsto no artigo 14.4.

Nos contratos que, de acordo co previsto no parágrafo anterior, requiran a autorización do Consello de Ministros, esta producirase con carácter previo á aprobación do expediente de contratación que, o mesmo cá aprobación do gasto, lle corresponderá ó órgano de contratación.

O Consello de Ministros poderá reclamar discrecionalmente o coñecemento e autorización de calquera outro contrato. Igualmente, o órgano de contratación, a través do ministro correspondente, poderá elevar un contrato non comprendido nas letras precedentes á consideración do Consello de Ministros.

Cando o Consello de Ministros autorice a celebración do contrato deberá autorizar igualmente a súa modificación cando sexa causa de resolución e a resolución mesma, se é o caso.

3. As facultades de contratación poderán ser obxecto de desconcentración mediante real decreto acordado en Consello de Ministros.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderán constituírse xuntas de contratación nos departamentos ministeriais e nos seus organismos autónomos e entidades de dereito público, así como nas entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, que actuarán como órganos de contratación, cos límites cuantitativos ou referentes ás características dos contratos que determine o titular do departamento nos seguintes contratos:

a) Nos contratos de obras comprendidas nos parágrafos b) e c) do artigo 123.1.

b) Nos contratos de subministración que se refiran a bens consumibles ou de fácil deterioración polo uso, agás nos supostos previstos no artigo 183.1.

c) Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servicios, excepto nos supostos previstos no artigo 199.

d) Nos contratos de subministración, de consultoría e asistencia e de servicios, distintos dos atribuídos á competencia da Xunta consonte as dúas letras anteriores que afecten a máis dun órgano de contratación, tamén agás nos supostos previstos nos artigos 183.1 e 199.

As xuntas de contratación terán a composición que regulamentariamente se determine, debendo figurar necesariamente entre os seus vocais un funcionario, de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación, e un interventor.

5. Excepcionalmente, cando o contrato resulte de interese para varios departamentos ministeriais e, por razóns de economía e eficacia a tramitación do expediente, deba ser efectuado por un único órgano de contratación, os demais departamentos interesados poderán contribuír ó seu financiamento, nos termos en que se determine regulamentariamente e con respecto á normativa orzamentaria, mediante convenios ou protocolos de actuación.

6. As autoridades e o persoal ó servicio das administracións públicas que interveñan nos procedementos de contratación deberán absterse ou poderán ser recusados, nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Obxecto dos contratos.*

O obxecto dos contratos deberá ser determinado e a súa necesidade para os fins do servicio público correspondente xustificarse no expediente de contratación.

Artigo 14. *Prezo dos contratos.*

1. Os contratos terán sempre un prezo certo, que se expresará en moeda nacional, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria oitava, e aboaráselle ó contratista en función da prestación realmente efectuada e de acordo co convindo. Cando as condicións establecidas no contrato impliquen pagamentos en moeda estranxeira terá que se expresar, ademais do prezo total en moeda nacional, o importe máximo daquela e a clase de divisas de que se trate. En todo caso os órganos de contratación coidarán de que o prezo dos contratos sexa o adecuado ó mercado.

2. Prohíbese o pagamento adiado do prezo nos contratos, excepto nos supostos en que o sistema de pagamento se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou mediante o sistema de arrendamento con opción de compra e nos casos de que unha lei o autorice expresamente.

3. O financiamento dos contratos pola Administración axustarase ó ritmo requirido na execución da prestación, e para este fin o órgano de contratación deberá adoptar-las medidas que sexan necesarias no momento da programación das anualidades e durante o período de execución.

4. O establecido no número 3 deste artigo non será de aplicación nos contratos en que o pagamento se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra; neste caso o límite máximo para o seu pagamento será de catro anos a partir da adxudicación do contrato, agás que se acorde outro límite maior cando así sexa autorizado polo Consello de Ministros.

TÍTULO II

Dos requisitos para contratar coa Administración

CAPÍTULO I

Da capacidade e solvencia das empresas

Artigo 15. *Capacidade das empresas.*

1. Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que consonte esta lei sexa esixible.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderanse ter en conta as sociedades pertencentes ó grupo, para efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, se é o caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente ó seu dispor os medios das ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

2. A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial. Cando se trate de empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

3. Nos casos en que sexa necesario xustifica-la solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, os órganos de contratación precisarán no anuncio os criterios de selección en función dos medios de acreditación que vaian ser utilizados de entre os indicados nos artigos 16 a 19.

Artigo 16. *Solvencia económica e financeira.*

1. A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderará acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou extracto delas, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos estados onde aquelas estean establecidas.

c) Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións, servicios ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios.

2. Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilita-las referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

Artigo 17. *Solvencia técnica nos contratos de obras.*

Nos contratos de obras a solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa e, en particular, do ou dos responsables das obras.

b) Relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

c) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá o empresario para a execución das obras.

d) Declaración sobre os efectivos persoais medios anuais da empresa, indicando, se é o caso, grao de estabilidade no emprego deles e a importancia dos seus equipos directivos durante os tres últimos anos.

e) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras.

Artigo 18. *Solvencia técnica nos contratos de subministración.*

Nos contratos de subministración a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Por relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes certificados sobre elas.

b) Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa.

c) Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente daqueles encargados do control de calidade, así como, se é o caso, grao de estabilidade no emprego do persoal integrado na empresa.

d) Mostras, descrições e fotografía dos produtos que se van subministrar.

e) Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade de artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas.

f) Control efectuado pola Administración ou no seu nome por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do dito organismo, cando os produtos que se vaian subministrar sexan complexos ou a título excepcional deban responder a un fin particular; este control versará sobre as capacidades de produción e, se fose necesario, de estudio e investigación do empresario, así como sobre as medidas empregadas por este último para controla-la calidade.

Artigo 19. *Solvencia técnica ou profesional nos restantes contratos.*

Nos demais contratos regulados por esta lei a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) As titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

b) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

c) Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, especialmente dos responsables do control de calidade.

d) Unha declaración que indique a media anual de persoal, con mención, se é o caso, do grao de estabilidade no emprego e o cadro do persoal directivo durante os últimos tres anos.

e) Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.

f) Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controla-la calidade, así como dos medios de estudio e de investigación de que dispoñan.

g) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou en nome deste por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, co acordo do dito organismo sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudio e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

Artigo 20. *Prohibicións de contratar.*

En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas nas que conorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Teren sido condenadas mediante sentenza firme por delitos de falsidade, contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica, suborno, malversación, tráfico de influencias, revelación de segredos, uso de información privilexiada, delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores ou por delitos relativos ó mercado e ós consumidores. A prohibición de contratar alcanza as persoas xurídicas os administradores ou representantes das cales, vixente o seu cargo ou representación, estean na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio das ditas persoas xurídicas ou nas que conorran as condicións, cualidades ou relacións que requira a correspondente figura de delicto para ser suxeito activo del.

b) Teren sido declaradas en quebra, en concurso de acredores, insolvente falido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial; teren iniciado expediente de quitación e espera ou de suspensión de pagamentos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non foren rehabilitadas.

c) Teren dado lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Teren sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral de minusválidos ou moi grave en materia social, de acordo co disposto na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social ou en materia de seguridade e saúde no traballo, de conformidade co disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.

e) Estar incurso a persoa física ou os administradores da persoa xurídica nalgún dos supostos da Lei

12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.

A prohibición alcanza igualmente os cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas a que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas teñan a súa representación legal.

As disposicións ás que se refire esta alínea serán aplicables ás comunidades autónomas e ás entidades locais nos termos que respectivamente lles sexan aplicables.

f) Non estaren ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determine.

g) Teren incorrido en falsidade grave ó lle facilitar á Administración as declaracións esixibles en cumprimento das disposicións desta lei ou das súas normas de desenvolvemento.

h) Teren incumplido as obrigas impostas ó empresario polos acordos de suspensión das clasificacións concedidas ou da declaración de inhabilitación para contratar con calquera das administracións públicas.

i) Se se trata de empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea, non estaren inscritos, se é o caso, nun rexistro profesional ou comercial nas condicións previstas pola lexislación do Estado onde están establecidos.

j) Teren sido sancionadas como consecuencia do correspondente expediente administrativo nos termos previstos no artigo 82 da Lei xeral orzamentaria e no artigo 80 da Lei xeral tributaria.

k) Non estaren debidamente clasificadas, se é o caso, conforme o disposto nesta lei ou non acrediten a suficiente solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Artigo 21. *Procedemento para a súa declaración e efectos.*

1. As prohibicións de contratar contidas nos parágrafos b), e), f), i), j) e k) do artigo anterior serán apreciadas de forma automática polos órganos de contratación e subsistirán mentres conorran as circunstancias que en cada caso as determinan.

A prohibición de contratar polas causas previstas no parágrafo a) do artigo anterior será apreciada de forma automática polos órganos de contratación. Non obstante, o alcance da prohibición determinarase no procedemento que, de conformidade co disposto nos números 2 e 3 deste artigo, deberá necesariamente instruírse.

Nos restantes supostos, a prohibición de contratar requirirá a súa previa declaración mediante procedemento que na súa resolución fixará expresamente a Administración a que afecte e a súa duración.

A declaración da prohibición para contratar nos supostos a) que se refiren os parágrafos a), d), g), h) e j) do artigo anterior ou a apreciación dela nas causas dos parágrafos b), e) e f) producirá a suspensión das clasificacións que fosen concedidas ás empresas durante o prazo de duración da prohibición ou mentres subsista a causa determinante da súa apreciación, sen que, en consecuencia, proceda a tramitación do expediente a que fai referencia o artigo 33.1.

2. O alcance da prohibición apreciarase na forma que regulamentariamente se determine atendendo, se

é o caso, á existencia de dolo ou manifesta mala fe no empresario e á entidade do dano causado ós intereses públicos e non excederá de cinco anos, con carácter xeral, ou de oito para prohibicións que teñan por causa a existencia de condena mediante sentenza firme. En todo caso, haberá que se ater ós pronunciamentos que sobre os devanditos extremos, en particular sobre a duración da prohibición de contratar, conteña a sentenza ou resolución firme e en tal suposto, as prohibicións de contratar serán aplicadas de forma automática polos órganos de contratación.

3. A competencia para declara-la prohibición de contratar nos supostos recollidos nos parágrafos a), no caso de condena por sentenza firme, e d) do artigo anterior corresponderá ó ministro de Facenda, que ditará resolución por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e revestirá carácter xeral para tódalas administracións públicas. Nos supostos previstos nos parágrafos c) e g) do artigo anterior a competencia corresponderalle á Administración contratante e no do parágrafo h) do propio artigo, á mesma Administración que acordase a suspensión da clasificación ou declarase a prohibición infrinxida, con eficacia limitada ó seu propio ámbito, e sen prexuízo, no caso de ser este autonómico ou local, da súa posterior comunicación á Administración xeral do Estado para que, á vista do dano causado ós intereses públicos, declare a prohibición con carácter xeral.

4. Para os efectos da aplicación deste artigo, as autoridades e órganos competentes notificaranlles á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e ós órganos competentes das comunidades autónomas, tódalas sancións e resolucións firmes recaídas nos procedementos correspondentes, co fin de que se poidan instruí-los expedientes previstos neste artigo e no artigo 33.1 ou adoptarse a resolución que proceda. Así mesmo, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá recadar das ditas autoridades e órganos cantos datos e antecedentes sexan precisos para os mesmos efectos.

5. A proba, por parte dos empresarios, de non estaren incurso nas prohibicións para contratar coa Administración sinaladas no artigo anterior, en relación coas situacións indicadas nas súas distintas letras, poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa segundo os casos e cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

Artigo 22. *Efectos da falta de capacidade, solvencia e das prohibicións de contratar.*

As adxudicacións de contratos en favor de persoas que carezan da capacidade de obrar ou de solvencia e das que estean comprendidas nalgún dos supostos do artigo 20 serán nulas de pleno dereito. Sen prexuízo diso, o órgano de contratación poderá acordar que o empresario continúe a execución do contrato, baixo as mesmas cláusulas, polo tempo indispensable para evitar prexuízos ó interese público correspondente.

Artigo 23. *Empresas estranxeiras non comunitarias.*

1. As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Comunidade Europea, ademais de acreditaren a súa plena capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu Estado e a súa solvencia

económica e financeira, técnica ou profesional, deberán xustificar mediante informe da respectiva misión diplomática permanente española, que se xuntará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite pola súa banda a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Nos contratos de obras, de subministración, de consultoría e asistencia e de servizos, de contía igual ou superior á sinalada nos artigos 135.1, 177.2, e 203.2, deberá prescindirse do informe sobre reciprocidade a que se refire o parágrafo anterior en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

2. Tratándose de contratos de obras, será necesario, ademais, que estas empresas teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

Artigo 24. *Unións de empresarios.*

1. A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituían temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización de tales unións en escritura pública ata que estea efectuada a adxudicación ó seu favor.

Os ditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer-los dereitos e cumprir-las obrigas que deriven do contrato ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

2. Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acredita-la súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CAPÍTULO II

Da clasificación e rexistro das empresas

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 25. *Supostos de clasificación.*

1. Para contratar coas administracións públicas a execución de contratos de obras ou de contratos de servizos ós que se refire o artigo 196.3, en ámbolos casos por orzamento igual ou superior a 20.000.000 de pesetas (120.202,42 euros), será requisito indispensable que o empresario obtivese previamente a correspondente clasificación. Exceptúanse deste requisito os contratos comprendidos nas categorías 6 e 21 do artigo 206 e, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos.

Este requisito seralle esixido igualmente ó cesionario dun contrato no caso en que lle fose esixido ó cedente.

Por real decreto poderá exceptuarse a clasificación para determinados grupos e subgrupos dos contratos de obras e de servizos nos que este requisito sexa esixible ou acorda-la esixencia de clasificación en grupos e subgrupos dos contratos de obras, consultoría e asistencia e servizos, cando, segundo as disposicións vixentes, tal requisito non sexa esixible tendo en conta as

circunstancias especiais concorrentes nos citados grupos e subgrupos.

O límite establecido no parágrafo primeiro deste punto poderá ser elevado ou diminuído para cada tipo de contrato polo ministro de Facenda logo de audiencia das comunidades autónomas consonte as esixencias da conxuntura económica.

2. Malia o establecido no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo, para os empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea, será suficiente que acrediten, se é o caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, conforme os artigos 16, 17 e 19, así como a súa inscrición no rexistro ó que se refire o artigo 20, parágrafo i), todo iso sen prexuízo do establecido no artigo 79.

3. Excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os interesados públicos, a contratación con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no ámbito da Administración xeral do Estado. No ámbito das administracións das comunidades autónomas a dita autorización será outorgada polos órganos competentes.

4. Para efectos da clasificación determinarase regulamentariamente, en relación co obxecto dos contratos, os grupos xerais e subgrupos en que poderán subdividirse aqueles conforme a súa peculiar natureza.

5. Cando, tramitado un procedemento de adxudicación dun contrato daqueles ós que se refire o número 1 deste artigo, non concorrese ningunha empresa clasificada, o órgano de contratación poderá excluí-lo requisito de clasificación previa no seguinte procedemento que para a adxudicación do mesmo contrato se convoque, con precisión no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio, se é o caso, dos criterios de selección en función dos medios de acreditación que vaian ser utilizados de entre os especificados nos artigos 16 a 19 desta lei.

Artigo 26. *Excepcións de clasificación e certificados comunitarios de clasificación.*

1. Nos supostos do artigo 11 da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, non será esixible clasificación como contratistas ás universidades para seren adxudicatarias de contratos coas administracións públicas.

2. Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por estados membros da Comunidade Europea en favor dos seus propios empresarios constitúen unha presunción de capacidade fronte ós diferentes órganos de contratación en relación cos parágrafos b) e c) do artigo 16.1; parágrafos b) e d) do artigo 17; parágrafo a) do artigo 18; parágrafo a) do artigo 19 e parágrafos a), b), d) e i) do artigo 20.

Artigo 27. *Criterios de clasificación.*

A clasificación das empresas farase de acordo coas características fundamentais determinadas segundo o establecido nos artigos 16, 17, 18 e 19 e indicará a categoría dos contratos á adxudicación dos cales poidan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía.

Artigo 28. *Competencia para a clasificación.*

1. Os acordos sobre clasificación e revisión de clasificacións serán adoptados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda, a través de comisións clasificadoras que, por delegación permanente daquela, entenderán en cantos expedientes

se relacionen coa clasificación das empresas, producindo tales acordos efectos ante calquera órgano de contratación. As comisións clasificadoras, a composición das cales se determinará regulamentariamente, estarán integradas polos representantes da Administración e das organizacións empresariais máis representativas nos distintos sectores afectados pola contratación administrativa.

2. Os acordos de clasificación e revisión adoptados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderán ser obxecto de recurso de alzada perante o ministro de Facenda.

3. Os acordos sobre clasificación e revisión de clasificacións para os contratos que celebren os órganos de contratación das comunidades autónomas, dos seus organismos autónomos e das demais entidades públicas poderán ser adoptados polos correspondentes órganos das ditas comunidades, respecto das empresas domiciliadas no territorio delas, que aplicarán as mesmas regras e criterios establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Para que estes acordos produzan efectos perante órganos de contratación da Administración xeral do Estado ou de comunidades autónomas distintas das que os adopta terán que ser obxecto de inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas a que se refire o número 1 do artigo 34.

4. En relación cos contratos que celebren os órganos de contratación das entidades locais, os seus organismos autónomos e demais entidades públicas, producirán efecto as clasificacións acordadas pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda, pola comunidade autónoma respectiva ou por outra comunidade autónoma, sempre que, neste último caso, se practicase a inscrición a que se refire o punto anterior no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas.

Artigo 29. *Duración e revisión das clasificacións.*

A clasificación das empresas acordarase por un prazo de dous anos e efectuarase en función dos elementos persoais, materiais, económicos e técnicos de que dispoñan respecto da actividade en que a soliciten e, se é o caso, da experiencia en traballos realizados directamente no último quinquenio.

As clasificacións acordadas serán revisables a petición dos interesados ou de oficio pola Administración en canto deixen de ser actuais as bases tomadas para establecelas.

Artigo 30. *Denegación de clasificacións.*

Poderá denegarse a clasificación daquelas empresas das que, á vista das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son unha continuación, transformación, fusión ou sucesión doutras empresas respecto das cales se acordase a suspensión da súa clasificación ou a súa inhabilitación para contratar de conformidade co disposto nos artigos 20 e 21.

Artigo 31. *Clasificación das unións de empresarios.*

1. As unións temporais de empresarios, ás que se refire o artigo 24, serán clasificadas na forma que regulamentariamente se determine, mediante a acumulación das características de cada un dos que integran a unión temporal expresadas nas súas respectivas clasificacións.

2. En todo caso, será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal obtivesen previamente clasificación como empresa de obras ou de servizos, en relación co contrato ó que opten, sen prexuízo

do establecido para os empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea no artigo 25.2.

Artigo 32. *Comprobación dos elementos da clasificación.*

1. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá solicitar en calquera momento das empresas clasificadas ou pendentes de clasificación os documentos que estime necesarios para comprobala declaracións e feitos manifestados nos expedientes que tramite.

2. Tamén poderá solicitar informes de calquera dos órganos das administracións públicas sobre estes extremos.

SECCIÓN 2.^a DA SUSPENSIÓN DAS CLASIFICACIÓNS

Artigo 33. *Suspensión das clasificacións.*

1. O ministro de Facenda, por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e logo de formación de expediente administrativo con audiencia do interesado, poderá dispo-la suspensión das clasificacións acordadas.

2. Será causa de suspensión por tempo non superior a un ano a infracción grave das condicións establecidas no contrato que non dean lugar a resolución.

3. Serán causas de suspensión por tempo non superior a cinco anos as seguintes:

a) Falsidade grave nas informacións ou declaracións ós órganos competentes da Administración, pola natureza do contrato, ou á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

b) Incurrir nos supostos previstos nos parágrafos a), c), d) e j) do artigo 20.

c) Térselle esixido ó contratista consultor o pagamento das indemnizacións previstas nos artigos 218 e 219 ou nas respectivas normas doutras administracións públicas.

4. Producirán a suspensión indefinida, en tanto subsistan, as causas seguintes:

a) A diminución notoria e continuada das garantías financeiras, económicas ou técnicas do empresario que fagan perigosa para os intereses públicos a súa colaboración coa Administración, sen prexuízo de que tivese lugar a revisión de clasificacións acordadas con anterioridade.

b) Incurrir nalgún dos supostos previstos no parágrafo b) do artigo 20.

c) Esta-lo empresario incurso nalgunha das circunstancias sinaladas nos parágrafos e) e f) do artigo 20.

5. Na suspensión da clasificación de empresarios que sexan persoas xurídicas, polas causas de orixe procesal penal previstas nesta lei, terase en conta o disposto no segundo parágrafo do artigo 20, alínea a).

6. A suspensión da clasificación implicará a perda de tódolos dereitos derivados dela entremetres aquela subsista.

7. Cando a clasificación fose acordada por un órgano das comunidades autónomas, ó abeiro do disposto no artigo 28.3, a suspensión das clasificacións polas causas e cos efectos previstos neste artigo corresponderá igualmente ós órganos da dita comunidade autónoma.

8. Para a efectividade dos acordos de suspensión das clasificacións de empresas, a Administración do Estado e as das comunidades autónomas daranse mutuo coñecemento dos acordos adoptados e procederán á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios oficiais na forma que regulamentariamente se determine.

SECCIÓN 3.^a DO REXISTRO OFICIAL DE EMPRESAS CLASIFICADAS

Artigo 34. *Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas.*

1. O Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas dependerá do Ministerio de Facenda. O acceso ó rexistro será público.

Este rexistro levarao a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e nel serán inscritos tódolos empresarios que fosen clasificados por ela para os fins establecidos nesta lei.

Na inscrición expresarase o contido da clasificación respectiva, así como cantas incidencias se produzan durante a súa vixencia.

2. As comunidades autónomas poderán crear, así mesmo, os seus propios rexistros oficiais de empresas clasificadas.

3. Para os efectos do previsto no número 3 do artigo 28, as comunidades autónomas que lles pretendan dar efecto xeral ós seus acordos de clasificación e revisión das clasificacións, remitiranlle os respectivos expedientes á comisión de clasificación que corresponda da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que, polo procedemento e dentro do prazo que regulamentariamente se establezan, dictará acordo sobre a inscrición ou denegación dela que lles será notificado á empresa e á comunidade autónoma.

O desenvolvemento regulamentario a que se refire o parágrafo anterior establecerá, con carácter previo á adopción do acordo denegatorio pola Comisión de Clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, un trámite específico para que a comunidade autónoma poida formular observacións e achegar xustificacións sobre o acordo de clasificación por ela adoptado e que se pretende que produza efectos ante órganos de contratación da Administración xeral do Estado ou de comunidades autónomas distintas.

En ningún caso o acordo denegatorio da citada Comisión de Clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá basearse en motivos distintos ó de non ter aplicados a comunidade autónoma as regras e criterios a que se refire o número 3 do artigo 28.

4. O Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas dependente do Ministerio de Facenda e os rexistros oficiais de empresas clasificadas das comunidades autónomas, no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións recíprocas, facilitaranlles ás outras administracións a información que estas precisen sobre o contido dos respectivos rexistros.

CAPÍTULO III

Das garantías esixidas para os contratos coa Administración

SECCIÓN 1.^a DA PRESTACIÓN DAS GARANTÍAS SEGUNDO AS DISTINTAS CLASES DE CONTRATOS

Artigo 35. *Garantías provisionais.*

1. Nos contratos comprendidos nesta lei será requisito necesario para acudir ós procedementos abertos ou restrinxidos de contía igual ou superior á fixada nos artigos 135.1, 177.2, e 203.2, segundo o tipo de contrato de que se trate, acredita-la constitución previa, á disposición do correspondente órgano de contratación, dunha garantía provisional equivalente ó 2 por 100 do orzamento do contrato, entendéndose por tal o establecido pola Administración como base da licitación, agás nos supostos en que non se fixese previa fixación do orzamento, nos que será determinado estimativamente polo órgano de contratación. A citada garantía terá que ser constituída:

a) En metálico ou en valores públicos ou privados, con suxeición, en cada caso, ás condicións regulamentariamente establecidas. O metálico, os valores ou os certificados correspondentes, depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais na forma e coas condicións que regulamentariamente se establezan.

b) Mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España e presentado ante o correspondente órgano de contratación.

c) Por contrato de seguro de caución celebrado na forma e condicións que regulamentariamente se establezan, con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución, debendo entregarse o certificado do contrato ó correspondente órgano de contratación.

Nos contratos de contía inferior á sinalada neste número, así como nos contratos administrativos especiais e nos contratos privados, a esixencia de garantía provisional será potestativa para o órgano de contratación.

2. A garantía provisional seralles devolta ós interesados inmediatamente despois da proposta de adxudicación do contrato nos casos nos que a forma de adxudicación sexa a poxa ou da adxudicación, cando aquela sexa por concurso. A garantía será retida ó empresario incluído na proposta de adxudicación ou ó adxudicatario e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

3. Nos supostos de presunción de temeridade, ós que se refiren os artigos 83.2, parágrafo b), e 86.3 será retida a garantía ós empresarios comprendidos nela, así como ó mellor licitador ou ó que presente a oferta máis vantaxosa dos que non o estean, ata que se dicte o acordo de adxudicación.

4. En caso de non formalización do contrato por causas imputables ó contratista, haberase que ater ó disposto no artigo 54.

5. No procedemento negociado, cando se solicite a oferta dalgún ou dalgúns empresarios, calquera que sexa a contía do contrato, o órgano de contratación poderá esixir deles a constitución dunha garantía provisional que producirá os seus efectos ata o momento da adxudicación.

6. A constitución da garantía global a que se refire o número 2 do artigo seguinte eximirá da constitución da garantía provisional, e aquela producirá os efectos inherentes a esta última.

Artigo 36. *Garantías definitivas, especiais e complementarias.*

1. Os adxudicatarios dos contratos regulados nesta lei están obrigados a constituír unha garantía definitiva polo importe do 4 por 100 do importe de adxudicación, á disposición do órgano de contratación, calquera que fose o procedemento e a forma de adxudicación do contrato, que se terá que constituír:

a) Na mesma clase de bens e nos establecementos sinalados no número 1, parágrafo a), do artigo anterior.

b) Mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, polas entidades indicadas no número 1, parágrafo b), do artigo precedente e constituído nos establecementos sinalados no número 1, parágrafo a), do mesmo artigo.

c) Por contrato de seguro de caución celebrado na forma e condicións que regulamentariamente se determinen, coas entidades referidas no número 1, parágrafo c),

do artigo anterior, debendo entregarse a póliza nos establecementos sinalados no número 1, parágrafo a), do mesmo artigo.

Cando o prezo do contrato se determine en función de prezos unitarios o importe da garantía que haberá que constituír será do 4 por 100 do orzamento base de licitación.

Nos contratos privados será facultativa para o órgano de contratación a esixencia da garantía definitiva.

2. Alternativamente ó establecido no número anterior o contratista poderá constituír unha garantía global con referencia a tódolos contratos que celebre cunha Administración pública ou cun ou varios órganos de contratación sen especificación singular para cada contrato, nalgunha das modalidades previstas nos parágrafos b) e c) do artigo 35.1.

A garantía global deberá ser depositada na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións provinciais de Facenda ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes, segundo a Administración ante a que ten que producir efecto.

A garantía global responderá, en tódolos contratos que se vaian celebrar ou que se celebraron cunha Administración pública ou cun ou varios órganos de contratación, xenérica e permanentemente, do mantemento das proposicións e da formalización do contrato, no suposto de garantía provisional, ata o 2 por 100 do orzamento do contrato e no suposto de garantía definitiva, do cumprimento polo adxudicatario das obrigas de tódolos contratos ata o 4 por 100, ou porcentaxe maior que proceda segundo esta lei, do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación, cando o prezo se determine en función de prezos unitarios, sen prexuízo de que a indemnización de danos e perdas a favor da Administración que, se é o caso, poida producirse, se exerza sobre o resto da garantía global.

A correspondente caixa ou establecemento, para efectos da constitución de garantías e por solicitude dos interesados, emitirá certificación comprensiva da existencia da garantía global e da suficiencia dela no prazo máximo de tres días hábiles desde a presentación da solicitude do interesado, procedéndose a inmovilizarlo importe da garantía que hai que constituír. No caso de garantías provisionais, se o solicitante non resultase adxudicatario, deixarase sen efecto a dita inmovilización e, en caso contrario, incrementarase esta ata cubri-lo importe da garantía definitiva, especial, ou complementaria correspondente, sen prexuízo do reaxuste a que houber lugar nos termos do artigo 42 desta lei. No caso de garantías definitivas, unha vez producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto este sen culpa do contratista, procederase á liberación do saldo inmovilizado.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo das regras xerais desta lei en canto á responsabilidade das garantías, cancelación ou devolución delas en relación coa inmovilización ou incautación do importe das respectivas garantías.

3. En casos especiais o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que, ademais da garantía a que se refire o número primeiro, se preste unha complementaria que non poderá supera-lo 6 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podéndose alcanzar unha garantía total de ata un 10 por 100 do citado importe. Para tódolos efectos, a dita garantía terá a consideración de garantía definitiva.

4. No suposto de adxudicación a un empresario a proposición do cal estivese incurso inicialmente en presunción de temeridade, á que se refiren os artigos 83.2,

parágrafo b), e 86.3, o órgano de contratación esixiralle ó contratista a constitución dunha garantía definitiva polo 20 por 100 do importe de adxudicación ou do orzamento base de licitación, cando o prezo se determine en función de prezos unitarios que substituirá a do 4 por 100 prevista no número 1, sen que resulte de aplicación o disposto no número precedente e para a cancelación do cal se haberá que ater ó disposto no artigo 47.5.

5. O prego de cláusulas administrativas particulares poderá así mesmo establecer un sistema de garantías complementarias, de ata un 16 por 100 do prezo do contrato, en función da desviación á baixa da oferta seleccionada da que se defina como oferta media e da aproximación daquela ó limiar a partir do cal as ofertas deben ser consideradas como anormalmente baixas.

6. En ningún caso as garantías aplicadas conforme o disposto neste artigo poderán superar por acumulación a porcentaxe do 20 fixado no número 4.

Artigo 37. *Garantía definitiva en determinados contratos.*

Malia o disposto no artigo anterior, nos contratos de consultoría e asistencia, nos de servicios e nos contratos administrativos especiais a garantía definitiva poderá ser dispensada cando así se faga constar no prego de cláusulas administrativas particulares, debendo motivarse no expediente de contratación as causas de tal dispensa.

Artigo 38. *Garantías en contratos de xestión de servicios públicos.*

1. Nos contratos de xestión de servicios públicos o importe das garantías provisionais ou definitivas será fixado en cada caso polo órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas, á vista da natureza, importancia e duración do servicio de que se trate.

2. Nestes contratos, o Consello de Ministros queda facultado para acordar en casos especiais a exención das correspondentes garantías.

Artigo 39. *Excepcións á constitución de garantías.*

Non será necesaria a constitución de garantía provisional ou definitiva nos seguintes contratos de subministración:

a) Os concertados con empresas concesionarias de servicios públicos referentes a subministracións da clase sinalada no artigo 172.1, parágrafo a).

b) Aqueles nos que o contratista entregue inmediatamente os bens consumibles ou de fácil deterioración antes do pagamento do prezo, agás que exista prazo de garantía, e nos de arrendamento e as súas modalidades de arrendamento financeiro e arrendamento con opción de compra.

c) Cando a empresa subministradora sexa estranxeira e garanta o cumprimento do contrato de acordo coas prácticas comerciais internacionais.

Artigo 40. *Outras excepcións á constitución de garantías.*

Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, só quedan exceptuados do requisito de constitución de garantía provisional ou definitiva, se é o caso, as entidades que teñan recoñecida esta excepción polas leis estatais ou as disposicións autonómicas correspondentes, limitada neste último suposto ó respectivo ámbito competencial.

SECCIÓN 2.^a DA CONSTITUCIÓN E EFECTOS DAS GARANTÍAS

Subsección 1.^a *Da constitución e reaxuste de garantías*

Artigo 41. *Constitución de garantías.*

1. O adxudicatario deberá acreditar no prazo de quince días, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato, a constitución da garantía definitiva. De non se cumprir este requisito por causas imputables ó adxudicatario, a Administración declarará resolto o contrato.

2. No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliala garantía na contía que corresponda, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

3. A garantía definitiva nos contratos de consultoría e asistencia, nos de servicios e nos contratos administrativos especiais poderá levarse a cabo en forma de retención do prezo.

Artigo 42. *Reaxuste de garantías.*

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o prezo deste reaxustarase a garantía no prazo sinalado no artigo anterior contado desde a data en que se lle notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

Subsección 2.^a *Das responsabilidades a que se afectan as garantías*

Artigo 43. *Extensión das garantías.*

1. A garantía provisional responderá do mantemento das proposicións presentadas polos licitadores ata a adxudicación e da proposición do adxudicatario ata a formalización do contrato.

2. As garantías definitivas responderán dos seguintes conceptos:

a) Das penalidades impostas ó contratista en razón da execución do contrato, en especial as comprendidas no artigo 95, cando non poidan deducirse das certificacións.

b) Das obrigas derivadas do contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e perdas ocasionados a aquela con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento deste, sen resolución.

c) Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido nel ou con carácter xeral nesta lei.

d) Ademais, no contrato de subministración a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía previsto no contrato.

Artigo 44. *Cancelación de garantías.*

A garantía non será devolta ou cancelada mentres non se produza o vencemento do prazo de garantía e estea cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate ou sexa resolto este sen culpa do contratista.

Artigo 45. Preferencia na execución de garantías.

1. Para facer efectiva a garantía definitiva, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, calquera que sexa a súa natureza e o título en que se funde a súa pretensión.

2. Cando a garantía non sexa bastante para satisfacer as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ó cobramento da diferenza mediante o procedemento administrativo de constrinximento, consonte o establecido nas respectivas normas de recadación.

Artigo 46. Garantías prestadas por terceiros.

1. As persoas ou entidades distintas do contratista que presten garantías a favor deste non poderán utilizarlo beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código civil.

2. O avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten a garantía prestada nos termos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No contrato de seguro de caución:

a) Terá a condición de tomador do seguro o contratista e a de asegurado, a Administración contratante.

b) A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ó asegurador a resolverlo contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin este liberado da súa obriga en caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

c) O asegurador non lle poderá opoñer ó asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

Subsección 3.^a Da devolución da garantía definitiva**Artigo 47. Devolución e cancelación das garantías definitivas.**

1. Aprobada a liquidación do contrato, se non resultan responsabilidades que se teñan que exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo dela, se é o caso, dicitarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

2. No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que non se atope formalmente constituída a do cesionario.

4. Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederáse, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 43.

5. Nos casos das garantías especiais e complementarias previstas no artigo 36, números 3, 4 e 5 e no artigo 83.5, unha vez practicada a recepción do contrato, procederá a substituí-la garantía no seu día constituída por outra polo importe a que se refire o artigo 36.1, que será cancelada de conformidade cos números 1 e 4 deste artigo.

TÍTULO III**Das actuacións relativas á contratación****CAPÍTULO I****Dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas****Artigo 48. Pregos de cláusulas administrativas xerais.**

1. Axustándose no seu contido ós preceptos desta lei e ós das disposicións de desenvolvemento, o Consello de Ministros, por iniciativa dos ministerios interesados e por proposta do ministro de Facenda, poderá aprobar pregos de cláusulas administrativas xerais para a Administración xeral do Estado, para os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, logo de dictame do Consello de Estado.

2. Cando se trate de pregos xerais para a adquisición de bens e servicios de tecnoloxías para a información a proposta ó Consello de Ministros corresponderalle conxuntamente ó ministro de Facenda e ó ministro de Administracións Públicas.

3. Nos mesmos termos, as comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local aprobarán, se é o caso, os pregos de cláusulas administrativas xerais, de acordo coas súas normas específicas, sendo así mesmo preceptivo o dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva, de o haber.

Artigo 49. Pregos de cláusulas administrativas particulares.

1. Deberán aprobarse, previa ou conxuntamente á autorización do gasto e sempre antes da perfección e, se é o caso, licitación do contrato, os pregos de cláusulas administrativas particulares que incluírán os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

2. A aprobación dos ditos pregos corresponderalle ó órgano de contratación competente.

3. O órgano de contratación competente poderá así mesmo establecer modelos tipo de pregos particulares de xeral aplicación ós contratos de natureza análoga.

4. Nos supostos dos dous números anteriores, na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e nas demais entidades públicas estatais requirirase o informe previo do servicio xurídico respectivo, que no caso de pregos de modelos tipo fará innecesario o do prego particular correspondente.

5. Os contratos axustaranse ó contido dos pregos particulares, as cláusulas dos cales se consideran parte integrante dos respectivos contratos.

6. As administracións públicas facilitaránlle-las copias dos pregos ou condicións dos contratos a tódolos interesados que o soliciten.

Artigo 50. Cláusulas contrarias ós pregos xerais.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa emitirá informe con carácter previo de tódolos pregos particulares en que se propoña a inclusión de estipulacións contrarias ó previsto nos correspondentes pregos xerais.

Artigo 51. Pregos de prescricións técnicas.

1. Serán elaborados con anterioridade á autorización do gasto os pregos e documentos que conteñan

as prescricións técnicas particulares que teñan que rexe-la execución da prestación, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente lei; a súa aprobación correspóndelle ó órgano de contratación competente.

2. Logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, o Consello de Ministros, por proposta do ministro correspondente, poderá establecerse os pregos de prescricións técnicas xerais a que se teñan que axusta-la Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais.

Artigo 52. Orde para o establecemento de prescricións técnicas e prohibicións.

1. Sen prexuízo das instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co dereito comunitario, as prescricións técnicas serán definidas por referencia a normas nacionais que transpoñan normas europeas, a documentos de idoneidade técnica europea ou especificacións técnicas comúns, fixándose regulamentariamente os casos en que pode prescindirse deles. Na falta dos anteriores, as prescricións técnicas poderán definirse por referencia a normas nacionais que transpoñan normas internacionais, a normas nacionais ou a outras normas.

2. Salvo que estea xustificado polo obxecto do contrato, non poderán incluírse no prego especificacións técnicas que mencionen produtos dunha fabricación ou procedencia determinada ou procedementos especiais que teñan por efecto favorecer ou eliminar determinadas empresas ou determinados produtos. Especialmente non se indicarán marcas, patentes ou tipos, nin se aludirá a unha orixe ou produción determinada. Sen embargo, cando non exista posibilidade de defini-lo obxecto do contrato a través de especificacións suficientemente precisas e intelixibles, admitirase tal indicación se se acompañan as palabras «ou equivalente».

3. Nos contratos sometidos a esta lei non poderán concorrer ás licitacións empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas relativas ós citados contratos sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrência ou supoñer un trato privilexiado con respecto ó resto das empresas licitadoras.

CAPÍTULO II

Da perfección e formalización dos contratos

Artigo 53. Perfección dos contratos.

Os contratos perfecciónanse mediante a adxudicación realizada polo órgano de contratación competente, calquera que sexa o procedemento ou a forma de adxudicación utilizados.

Artigo 54. Formalización dos contratos.

1. Os contratos da Administración formalizaranse en documento administrativo dentro do prazo de trinta días contados desde o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público; non obstante, poderá elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

2. Salvo as excepcións establecidas nesta lei, será requisito necesario para a súa formalización a prestación

polo empresario das garantías previstas nela como salvagarda dos intereses públicos.

3. Cando por causas imputables ó contratista non poida formalizarse o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acorda-la súa resolución, sendo trámite necesario a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva. En tal suposto procederá a incautación da garantía provisional e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

Se as causas da non formalización son imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar, con independencia de que poida solicita-la resolución do contrato ó abeiro do artigo 111, parágrafo d).

4. Non se poderá inicia-la execución do contrato sen a formalización previa, excepto nos casos previstos nos artigos 71 e 72.

Artigo 55. Contratación verbal.

A Administración non poderá contratar verbalmente, agás que o contrato teña carácter de emerxencia.

Artigo 56. Contratos menores.

Nos contratos menores, que se definirán exclusivamente pola súa contía de conformidade cos artigos 121, 176 e 201, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a el da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

Artigo 57. Remisión de contratos ó Tribunal de Contas.

1. Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, para o exercicio da función fiscalizadora, o órgano de contratación remitiralle ó Tribunal de Contas ou órgano de fiscalización correspondente da comunidade autónoma, unha copia certificada do documento mediante o que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que derive, sempre que a contía do contrato exceda de 100.000.000 de pesetas (601.012,10 euros), tratándose de obras e de xestión de servizos públicos; de 75.000.000 de pesetas (450.759,08 euros), tratándose de subministracións, e de 25.000.000 de pesetas (150.253,03 euros), nos de consultoría e asistencia, nos de servizos e nos contratos administrativos especiais.

2. Igualmente, comunicaránselle ó Tribunal de Contas ou órgano de fiscalización correspondente da comunidade autónoma as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos e extinción dos contratos indicados.

3. O disposto nos dous números anteriores entenderase sen prexuízo das facultades do Tribunal de Contas ou, se é o caso, dos correspondentes órganos de fiscalización das comunidades autónomas para lles reclamar ás distintas administracións públicas cantos datos, documentos e antecedentes estime pertinentes con relación ós contratos de calquera natureza e contía.

Artigo 58. Datos estatísticos.

No mesmo prazo sinalado no artigo anterior o órgano de contratación remitiralle á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda a infor-

mación sobre os contratos que regulamentariamente se determine, para efectos do cumprimento da normativa internacional. Así mesmo, informárase a mencionada xunta dos casos de modificación, prórroga ou variación do prazo e extinción normal ou anormal deles.

CAPÍTULO III

Das prerrogativas da Administración

Artigo 59. *Prerrogativas da Administración.*

1. Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente lei, o órgano de contratación ten a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta.

Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

No correspondente expediente daráselle audiencia ó contratista.

2. Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, os acordos a que se refire o número anterior deberán ser adoptados logo de informe do servizo xurídico correspondente, agás nos casos previstos nos artigos 41 e 96.

3. Malia o anterior, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos de:

a) Interpretación, nulidade e resolución, cando se formule oposición por parte do contratista.

b) Modificacións do contrato, cando a contía delas, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato e este sexa igual ou superior a 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros).

Artigo 60. *Recursos e arbitraje.*

1. Contra tódolos acordos que poñan fin á vía administrativa procederá o recurso contencioso-administrativo conforme o disposto na Lei reguladora da dita xurisdicción.

2. O sometemento a arbitraje suxeitarase ós requisitos establecidos na Lei xeral orzamentaría ou nas correspondentes normas doutras administracións públicas.

CAPÍTULO IV

Da invalidez dos contratos

Artigo 61. *Invalidez dos contratos.*

Os contratos regulados na presente lei serán inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou o de adxudicación por concorrer neles algunha das causas de dereito administrativo ou de dereito civil a que se refiren os artigos seguintes.

Artigo 62. *Causas de nulidade de dereito administrativo.*

Son causas de nulidade de dereito administrativo as seguintes:

a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A falta de capacidade de obrar ou da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, ou estar incurso o adxudicatario nalgunha das prohibicións ou incompatibilidades sinaladas no artigo 20 desta lei.

c) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido no artigo 60 da Lei xeral orzamentaría e nas demais normas de igual carácter das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, agás os supostos de emerxencia.

Artigo 63. *Causas de anulabilidade de dereito administrativo.*

Son causas de anulabilidade de dereito administrativo as demais infraccións do ordenamento xurídico e en especial das regras contidas na presente lei, de conformidade co artigo 63 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 64. *Declaración de nulidade.*

1. A declaración de nulidade dos contratos polas causas expresadas no artigo 62 poderá ser acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia dos interesados, de conformidade cos requisitos e prazos establecidos no artigo 102 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Nos supostos de nulidade e anulabilidade, en relación coa suspensión da execución dos actos dos órganos de contratación, haberá que se ater ó disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

Artigo 65. *Efectos da declaración de nulidade.*

1. A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, levará en todo caso consigo a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, debendo restituírselles ás partes reciprocamente as cousas que recibisen en virtude del e se isto non fose posible devolverase o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizala contraria dos danos e perdas que sufrise.

2. A nulidade dos actos que non sexan preparatorios só afectará estes e as súas consecuencias.

3. Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ó servizo público, poderá disporse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo as súas mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evita-lo prexuízo.

Artigo 66. *Causas de invalidez de dereito civil.*

A invalidez dos contratos por causas recoñecidas no dereito civil, en canto resulten de aplicación á contratación administrativa, suxeitarase ós requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos no ordenamento civil, pero o procedemento para facelas valer someterase ó previsto nos artigos anteriores para os actos e contratos administrativos anulables.

CAPÍTULO V

Das actuacións administrativas preparatorias dos contratos

Artigo 67. *Expediente de contratación.*

1. Para os contratos que en canto á súa adxudicación se rexen pola presente lei precederá a tramitación do expediente de contratación que iniciará o órgano de contratación xustificando a necesidade dela. Ó expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que teñan que rexe-lo contrato, con precisión do prazo de duración do contrato e, cando estea prevista, da súa posible prórroga e alcance dela que, en todo caso, terá que ser expresa, sen que poida prorrogarse o contrato por consentimento tácito das partes.

2. Ó expediente incorporaranse, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto, agás no suposto excepcional previsto no artigo 85, parágrafo a), nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria ou nas correspondentes normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei.

Artigo 68. *Fraccionamento do obxecto do contrato.*

1. O expediente deberá abrangue-la totalidade do obxecto do contrato e comprenderá todos e cada un dos elementos que sexan precisos para iso.

2. Non poderá fraccionarse un contrato con obxecto de diminuí-la súa contía e eludir así os requisitos de publicidade, o procedemento ou a forma de adxudicación que corresponda.

3. Cando o obxecto admita fraccionamiento, xustificándoo debidamente no expediente, poderá preverse nel a realización independente de cada unha das súas partes, mediante a súa división en lotes, sempre que estas sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado ou así o esixa a natureza do obxecto.

Artigo 69. *Aprobación do expediente.*

1. Completado o expediente de contratación, será dictada resolución motivada polo órgano de contratación mediante o que se aprobe aquel e se dispoña a apertura do procedemento de adxudicación. Esta resolución comprenderá tamén a aprobación do gasto, agás o suposto excepcional previsto no artigo 85, parágrafo a), ou que as normas de desconcentración, se é o caso, establecesen o contrario.

2. Nos contratos en que o financiamento dos cales teña que se realizar con achegas de distinta procedencia, aínda que se trate de órganos dunha mesma Administración pública, será tramitado un só expediente polo órgano de contratación ó que lle corresponda a adxudicación do contrato, e deberá acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de tódalas achegas e a orde do seu aboamento, con inclusión dunha garantía para a súa efectividade.

3. Os expedientes de contratación poderán ultimar-se mesmo coa adxudicación do contrato e a súa formalización correspondente, mesmo cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. Para estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.

4. Cando o contrato se formalice en exercicio anterior ó da iniciación da execución, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá somete-la adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

CAPÍTULO VI

Da tramitación dos expedientes de contratación

Artigo 70. *Clases de expedientes.*

1. Os expedientes de contratación poderán ser ordinarios, urxentes ou de emerxencia.

2. A tramitación dos expedientes de urxencia seguirá o mesmo procedemento cós ordinarios coas particularidades que se sinalan no artigo seguinte.

3. Na tramitación dos expedientes de emerxencia seguirase o procedemento excepcional que sinala o artigo 72.

Artigo 71. *Tramitación urxente.*

1. Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes de contratos dunha necesidade inaprazable ou a adxudicación dos cales sexa preciso acelerar por razóns de interese público. Para tales efectos o expediente deberá conte-la declaración de urxencia feita polo órgano de contratación e debidamente motivada.

2. Os expedientes cualificados de urxentes suxeitaranse ás seguintes normas:

a) Preferencia para o seu despacho polos distintos órganos administrativos, fiscalizadores e asesores que participen na tramitación previa, que disporán dun prazo de cinco días para emitir os respectivos informes.

Cando a complexidade do expediente ou calquera outra causa igualmente xustificada impida o despacho no prazo antes indicado, os órganos administrativos, fiscalizadores e asesores porano en coñecemento do órgano de contratación que declarase a urxencia. En tal caso o prazo quedará prorrogado ata dez días.

b) Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos nesta lei para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade. Non obstante, cando se teñan que publica-los anuncios no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», no procedemento aberto observaranse os prazos establecidos nos artigos 137, 178 e 207; no procedemento restrinxido, os dos artigos 138, 179 e 207 e no procedemento negociado con publicidade, os dos artigos 140, 181 e 207.

c) A Administración poderá acorda-lo comezo da execución do contrato aínda que non se formalizase este, sempre que se constituíse a garantía definitiva correspondente.

d) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a dous meses desde a data de adxudicación, quedando resolto o contrato en caso contrario, agás que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.

Artigo 72. *Tramitación de emerxencia.*

1. Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional observaranse o seguinte réxime excepcional:

a) O órgano de contratación competente, sen obriga de tramitar expediente administrativo, poderá ordena-la

execución do necesario para remedia-lo acontecemento producido, satisfácese-la necesidade sobrevida ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na presente lei, mesmo o da existencia de crédito suficiente. O acordo correspondente irá acompañado da oportuna retención de crédito ou documentación que xustifique a iniciación do expediente de modificación de crédito. Dos ditos acordos daráselle conta, no prazo máximo de sesenta días, ó Consello de Ministros se se trata da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social ou demais entidades públicas estatais.

b) Simultaneamente, o Ministerio de Facenda, se se trata da Administración xeral do Estado, ou os representantes legais dos organismos autónomos e entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, autorizarán o libramento dos fondos precisos para lles facer fronte ós gastos, con carácter de a xustificar.

c) Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, procederase a cumprilos trámites necesarios para a fiscalización e aprobación do gasto.

2. A xestión do resto da actividade necesaria para completa-lo obxectivo proposto pola Administración, pero que xa non teña carácter de emerxencia, contratarase conforme o establecido nesta lei.

CAPÍTULO VII

Da adxudicación dos contratos

SECCIÓN 1.^a DOS PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN

Artigo 73. *Procedementos de adxudicación.*

1. A adxudicación dos contratos poderá levarse a cabo por procedemento aberto, restrinxido ou negociado.

2. No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición.

3. No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios seleccionados expresamente pola Administración, logo de solicitude deles.

4. No procedemento negociado o contrato seralle adxudicado ó empresario xustificadamente elixido pola Administración, logo de consulta e negociación dos termos do contrato cun ou con varios empresarios, de conformidade co establecido no artigo 92.3.

Artigo 74. *Poxa e concurso.*

1. Tanto no procedemento aberto coma no restrinxido a adxudicación poderá efectuarse por poxa ou por concurso.

2. A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ó licitador que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baixo.

3. No concurso a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que se establecesen nos pregos, sen atender exclusivamente ó prezo daquela e sen prexuízo do dereito da Administración a declaralo deserto.

Artigo 75. *Utilización dos procedementos e formas de adxudicación.*

1. Os órganos de contratación utilizarán normalmente a poxa e o concurso como formas de adxudi-

cación. O procedemento negociado só procederá nos casos determinados no libro II da presente lei para cada clase de contrato.

2. En todo caso, deberá xustificarse no expediente a elección do procedemento e forma utilizados.

SECCIÓN 2.^a NORMAS XERAIS DE PROCEDEMENTO

Subsección 1.^a *Disposicións comúns*

Artigo 76. *Cómputo de prazos.*

Tódolos prazos establecidos nesta lei, agás que nela se indique que son de días hábiles, entenderanse referidos a días naturais.

Artigo 77. *Contía dos contratos en relación co imposto sobre o valor engadido.*

Sempre que no texto desta lei se faga alusión ó imposto ou contía dos contratos, entenderase que neles está incluído o imposto sobre o valor engadido, agás indicación expresa en contrario. As referencias ó imposto sobre o valor engadido deberán entenderse realizadas ó imposto xeral indirecto canario ou ó imposto sobre a produción, os servicios e a importación, nos territorios en que estas figuras impositivas rexan.

Artigo 78. *Publicidade das licitacións.*

1. Tódolos procedementos para a adxudicación dos contratos, con excepción dos procedementos negociados, anunciaranse no «Boletín Oficial del Estado». Estes últimos tamén serán obxecto de anuncio na dita publicación, cando por razón da súa contía estean suxeitos a publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas». Non obstante, as comunidades autónomas, entidades locais e os seus organismos autónomos e entidades de dereito público, cando se trate de contratos que pola súa contía non teñan que publicarse no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», poderán substituí-la publicidade no «Boletín Oficial del Estado» pola que realicen nos respectivos diarios ou boletíns oficiais.

2. Nos procedementos abertos a publicación efectuarase cunha antelación mínima de quince días ó sinalado como o último para a admisión de proposicións. Non obstante, nos contratos de obras, o dito prazo será de veintiseis días.

Nos procedementos restrinxidos o prazo será de dez días anteriores ó último para a recepción das solicitudes de participación e o prazo para a presentación de proposicións será de quince días desde a data do envío da invitación escrita.

Nos procedementos negociados con publicidade os prazos de recepción de solicitudes de participación deberán coincidir cos resultantes respecto da data do envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións da Comunidade Europea e que se especifican nos artigos 140.2, 181.2 e 209.2.

3. Os procedementos relativos ós contratos regulados no libro II, títulos I, III e IV desta lei, anunciaranse, ademais, no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» nos casos e prazos que se sinalan no seu articulado e conforme o procedemento e modelo oficial establecidos pola Comunidade Europea e poderán selo voluntariamente nos demais supostos.

O envío do anuncio ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas» deberá preceder a calquera outra publicidade. En todo caso esta última publicidade deberá indicala data daquel envío e non conter indicacións distintas ás incluídas no dito anuncio.

Artigo 79. *Proposicións dos interesados.*

1. As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública. Suxeitaranse ó modelo que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares. A súa presentación presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas sen ningunha excepción.

2. Deberán ir acompañadas, en sobre á parte, dos seguintes documentos:

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación.

b) Os que acrediten a clasificación da empresa, se é o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e unha declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, conforme os artigos 15 a 20.

A declaración responsable a que se refire o parágrafo anterior comprenderá expresamente a circunstancia de estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba esixirse antes da adxudicación ós que vaian resultar adxudicatarios do contrato; para este efecto concederáselles un prazo máximo de cinco días hábiles.

c) O xustificante acreditativo da garantía provisional cando esta sexa esixible conforme os preceptos desta lei.

d) Para as empresas estranxeiras a declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ó licitante.

3. Cando sexa necesaria a presentación doutros documentos consonte esta lei deberán mencionarse no prego de cláusulas administrativas particulares e no correspondente anuncio de licitación.

4. Se durante a tramitación dos procedementos abertos e restrinxidos e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederá na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e que acredite a solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

Artigo 80. *Proposicións simultáneas.*

Nas licitacións, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 87 da presente lei sobre admisibilidade de variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non-admisión de tódalas propostas por el celebradas.

Artigo 81. *Mesa de contratación.*

1. Salvo nos supostos previstos no artigo 12.4, o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido estará asistido por unha mesa constituída por un presidente,

os vocais que se determinen regulamentariamente, e un secretario, designados polo órgano de contratación, o último entre funcionarios do propio órgano de contratación ou, no seu defecto, entre persoal ó seu servizo. No procedemento negociado a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades de dereito público e entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, deberán figurar necesariamente entre os vocais un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor.

2. A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formula-la súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

3. Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa de contratación deberá motiva-la súa decisión.

Subsección 2.^a Das poxas

Artigo 82. *Propostas de adxudicación.*

1. Nas poxas a mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma e procederá, en acto público, á apertura das ofertas admitidas e á proposta ó órgano de contratación da adxudicación do contrato ó licitador que oferte o prezo máis baixo.

2. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do empresario proposto, fronte á Administración, mentres non se lle adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación.

Artigo 83. *Adxudicación e baixas temerarias.*

1. Nas poxas a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de vinte días contados desde o seguinte ó de apertura, en acto público, das ofertas recibidas.

De non se dicta-lo acordo de adxudicación dentro do prazo sinalado no parágrafo precedente o empresario terá dereito a retirar-la súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía que prestase.

2. O acordo do órgano de contratación acomodaráse á proposta, excepto nos casos seguintes:

a) Se a mesa de contratación efectuou a proposta con infracción do ordenamento xurídico, caso no que a convocatoria quedará sen efecto. Exceptuáse o suposto de que a infracción afecte exclusivamente o licitador en favor do cal se realiza a proposta, no que a adxudicación deberá ter lugar en favor do seguinte licitador non afectado pola infracción. Previamente á resolución que se adopte, será preceptivo o dictame do servizo xurídico do órgano de contratación.

b) Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias. Nestes casos solicitarase informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen.

A mesa de contratación notificaralles aquela circunstancia ós interesados e o prazo indicado no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo ampliarase ó dobre.

3. O carácter desproporcionado ou temerario das baixas apreciarase de acordo cos criterios obxectivos que se establezan regulamentariamente e a súa declaración requirirá a solicitude previa de información a tódolos licitadores supostamente comprendidos nela, así

como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Para os efectos do parágrafo anterior non poderán ser consideradas as diversas proposicións formuladas individualmente por sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

4. O órgano de contratación, á vista dos informes mencionados, acordará a adxudicación a favor da proposición con prezo máis baixo que poida ser cumprida a satisfacción da Administración e, no seu defecto, o mellor licitador non incurso en temeridade, xustificando a súa decisión ante o Comité Consultivo para os Contratos Públicos da Comisión das Comunidades Europeas, se o anuncio da licitación foi publicado no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

5. Cando a adxudicación se realice en favor do empresario a proposición do cal estivese incurso inicialmente en presunción de temeridade, esixiráselle a este unha garantía definitiva do 20 por 100 do importe de adxudicación, de conformidade co disposto polo artigo 36.4.

Artigo 84. *Adxudicación en supostos de resolución.*

1. Cando se acorde a resolución do contrato porque o adxudicatario non cumpra as condicións necesarias para levar a cabo a súa formalización, a Administración poderalle adxudica-lo contrato ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, sempre que iso sexa posible, antes de proceder a unha nova convocatoria, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

2. O mesmo procedemento poderá segui-la Administración cando a finalidade da adxudicación sexa a de continua-la execución dun contrato xa iniciado e que foi declarado resolto.

Subsección 3.^a Do concurso

Artigo 85. *Supostos de aplicación do concurso.*

Adxudicaranse por concurso aqueles contratos nos que a selección do empresario non se efectúe exclusivamente atendendo á oferta con prezo máis baixo e, en particular, nos seguintes casos:

a) Aqueles en que os proxectos ou orzamentos non puidesen ser establecidos previamente pola Administración e deban ser presentados polos licitadores.

b) Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación aprobada pola Administración é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas, que serán propostas polos licitadores mediante a presentación de variantes, ou por reducións no seu prazo de execución.

c) Aqueles para a realización dos cales facilite a Administración materiais ou medios auxiliares a boa utilización dos cales esixa garantías especiais por parte dos contratistas.

d) Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou cunha execución que sexa particularmente complexa.

Artigo 86. *Criterios para a adxudicación do concurso.*

1. Nos pregos de cláusulas administrativas particulares do concurso estableceranse os criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación, tales como o prezo, a fórmula de revisión, se é o caso, o prazo de execución ou entrega, o custo de utilización, a calidade, a rendibilidade, o valor técnico, as caracte-

ísticas estéticas ou funcionais, a posibilidade de reposos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo venda ou outros semellantes, de conformidade cos cales o órgano de contratación acordará aquela.

2. Os criterios ós que se refire o número anterior indicaranse por orde decrecente de importancia e pola ponderación que se lles atribúa, e poderán concreta-la fase de valoración das proposicións en que operarán aqueles e, se é o caso, o limiar mínimo de puntuación que na súa aplicación lle poida ser esixido ó licitador para continuar no proceso selectivo.

3. Nos contratos que se adxudiquen por concurso poderán expresarse no prego de cláusulas administrativas particulares os criterios obxectivos en función dos cales se apreciará, se é o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou temerarias.

Se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que ten que servir de base para a adxudicación, deberán expresar no prego de cláusulas administrativas particulares os límites que permitan apreciar, se é o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou temerarias.

4. Nos supostos recollidos no número anterior, observarase o disposto, para as poxas, no artigo 83, no tocante á tramitación das proposicións e garantía que hai que constituír, sen que as proposicións de carácter económico que formulen individualmente sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nas condicións que regulamentariamente determinen, poidan ser consideradas para efectos de establece-lo prezo de referencia para valora-las ofertas económicas e identifica-las que deben considerarse como desproporcionadas ou temerarias.

Artigo 87. *Admisibilidade de variantes.*

1. O órgano de contratación só poderá tomar en consideración as variantes ou alternativas que ofrezan os licitadores se o prego de cláusulas administrativas particulares previu expresamente tal posibilidade. Neste suposto, o prego precisará sobre qué elementos e en qué condicións queda autorizada a presentación de variantes ou alternativas.

2. A circunstancia de autorización de variantes farase constar, ademais, no anuncio de licitación do contrato.

Artigo 88. *Adxudicación dos contratos.*

1. A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, procederá, en acto público, á apertura das proposicións presentadas polos licitadores e elevaraaas, coa acta e a proposta que estime pertinente, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares, ó órgano de contratación que vaia efectua-la adxudicación do contrato.

2. A Administración terá alternativamente a facultade de adxudica-lo contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no artigo 86, sen atender necesariamente ó valor económico dela, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación do concurso que figuren no prego.

Artigo 89. *Prazo de adxudicación.*

1. O órgano de contratación, logo dos informes técnicos correspondentes, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses contados a partir da apertura

das proposicións, agás que se estableza outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. De non se dicta-lo acordo de adxudicación dentro de prazo, os empresarios admitidos a concurso terán dereito a retirar-la súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestasen.

Artigo 90. *Aplicación subsidiaria das normas da poxa.*

Os preceptos relativos á celebración da poxa rexerán tamén para o concurso, excepto no que sexa exclusivamente aplicable a aquela forma de adxudicación.

SECCIÓN 3.^a DO PROCEDIMENTO RESTRINXIDO

Artigo 91. *Normas para a aplicación do procedemento restrinxido.*

1. No procedemento restrinxido aplicaranse as normas xerais desta lei, coas especialidades seguintes:

a) Con carácter previo ó anuncio do procedemento restrinxido a Administración deberá ter elaborado e xustificado no prego de cláusulas administrativas particulares os criterios obxectivos consonte os cales o órgano de contratación terá que cursa-las invitacións para participar no procedemento, de entre os establecidos nos artigos 16 a 19, segundo corresponda a cada contrato.

b) O órgano de contratación poderá sinala-los límites inferior e superior dentro dos que se sitúe o número de empresas que proxecta invitar en virtude das características do contrato, debéndoo indicar no anuncio. Neste caso, a cifra máis baixa non será inferior a cinco e a máis alta non superior a vinte.

c) As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación que acredite a personalidade do empresario e, se é o caso, a súa representación, a clasificación ou o cumprimento das condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional que se determinen no anuncio.

d) O órgano de contratación, unha vez comprobada a personalidade e solvencia do empresario, seleccionará os concorrentes e invitará os admitidos, simultaneamente e por escrito, a presentaren as súas proposicións no prazo que en cada caso se sinala na propia invitación, que non poderá ser inferior ó que para cada clase de contrato se sinala nesta lei. No escrito de invitación indícaráselle ó candidato o lugar, día e hora da apertura de proposicións.

e) Os empresarios seleccionados presentarán as súas proposicións acompañadas do documento acreditativo da constitución da garantía provisional.

2. Unha vez presentadas as proposicións a adxudicación efectuarase segundo as normas xerais desta lei.

SECCIÓN 4.^a DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO

Artigo 92. *Solicitud de ofertas no procedemento negociado.*

1. Cando se utilice o procedemento negociado será necesario solicita-la oferta de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sen que o seu número sexa inferior a tres, sempre que iso sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente.

2. Cando se constituíse mesa de contratación, esta última elevaralle ó órgano de contratación unha proposta de adxudicación, sendo de aplicación o disposto con carácter xeral no artigo 81.

3. No prego de cláusulas administrativas particulares determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, se é o caso, teñan que ser obxecto de negociación coas empresas.

En todo caso, deberá deixarse constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación.

SECCIÓN 5.^a DA NOTIFICACIÓN

Artigo 93. *Notificación e publicidade das adxudicacións.*

1. A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación e calquera que sexa o procedemento seguido e a forma de adxudicación empregada, seralles notificada ós participantes na licitación e despois de formalizada comunicárselle ó Rexistro Público de Contratos ó que se refire o artigo 118, para os efectos previstos no artigo 58.

2. Cando o importe da adxudicación sexa igual ou superior a 10.000.000 de pesetas (60.101,21 euros) publicarase no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas e entidades locais, en prazo non superior a corenta e oito días contados a partir da data de adxudicación do contrato, un anuncio no que se dea conta da dita adxudicación. Ademais, nos contratos suxeitos a publicidade obrigatoria no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» e nos de consultoría e asistencia e nos de servizos de contía igual ou superior á prevista no artigo 203.2, comprendidos nas categorías 17 a 27 das enumeradas no artigo 206, deberá enviarse ó citado diario oficial e ó Boletín Oficial del Estado, no mesmo prazo sinalado, un anuncio no que se dea conta do resultado da licitación, sen que nestes supostos exista a posibilidade de substituí-la publicidade no «Boletín Oficial del Estado» pola que comunidades autónomas e entidades locais poidan realizar nos seus respectivos diarios ou boletíns oficiais.

3. Para os contratos de xestión de servizos públicos, a publicidade das adxudicacións no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais será obrigatoria cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior a 10.000.000 de pesetas (60.101,21 euros) ou cando o seu prazo de duración exceda de cinco anos.

4. Excepcionalmente poderase omitir-lo anuncio do resultado da adxudicación cando a divulgación da información relativa á celebración do contrato constitúa un obstáculo á aplicación da lexislación, sexa contraria ó interese público, prexudique os intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou poida prexudica-la competencia leal entre elas e nos casos previstos nos artigos 141, parágrafo f); 159.2, parágrafo c); 182, parágrafo h), e 210, parágrafo g), desta lei, xustificando debidamente estas circunstancias no expediente.

5. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, o órgano de contratación comunicarlle a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da solicitude, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación ó seu favor, observándose respecto da comunicación o disposto no número anterior.

6. O mesmo procederá nos casos nos que se decidiu renunciar a un contrato ofertado ou a reinicia-lo procedemento. Informará tamén á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas desta decisión se o contrato foi anunciado no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

CAPÍTULO VIII

Da execución e modificación dos contratos

SECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOSArtigo 94. *Efectos dos contratos.*

Os efectos dos contratos administrativos rexeranse pola presente lei, polas súas disposicións de desenvolvemento e polos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, xerais e particulares.

Artigo 95. *Demora na execución.*

1. O contratista está obrigado a cumprir-lo contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 20 por cada 100.000 pesetas (0,12 por 601,01 euros) do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acorda-la inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

4. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acorda-la continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

5. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o número anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

6. Cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 96. *Resolución por demora e prórroga dos contratos.*

1. No suposto a que se refire o artigo anterior, se a Administración opta pola resolución, esta deberá ser acordada polo órgano de contratación sen outro trámite preceptivo cá audiencia do contratista e, cando se formule oposición por parte deste, o dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva.

2. Se o atraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecese cumprir-lo seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, a Administración concederá un prazo que será, cando menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Artigo 97. *Indemnización de danos e perdas.*

1. Será obriga do contratista indemnizar por tódolos danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

2. Se tales danos e perdas foron ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

3. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, o órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

4. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme o procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Artigo 98. *Principio de risco e ventura.*

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o de obras no artigo 144.

Artigo 99. *Pago do prezo.*

1. O contratista terá dereito ó aboamento da prestación realizada nos termos establecidos nesta lei e no contrato e consonte o prezo convidado.

2. O pagamento do prezo poderá facerse de maneira total ou parcialmente mediante aboamentos á conta.

3. O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos á conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deles, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos, debéndose asegurarlos referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

4. A Administración terá a obriga de aboa-lo prezo dentro dos dous meses seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no número 4 do artigo 110, e, se se demorase, deberalle aboar ó contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de dous meses, o xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos, das cantidades debidas.

5. Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicarlle á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos nesta lei.

6. Se a demora da Administración fose superior a oito meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver-lo contrato e ó resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

7. Sen prexuízo do establecido nas normas tributarias e da Seguridade Social, os aboamentos á conta que procedan pola execución do contrato só poderán ser embargados nos seguintes supostos:

a) Para o pagamento dos salarios devengados polo persoal do contratista na execución do contrato e das cotas sociais derivadas deles.

b) Para o pagamento das obrigas contraídas polo contratista cos subcontratistas e subministradores referidas á execución do contrato.

Artigo 100. Transmisión dos dereitos de cobramento.

1. Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobramento fronte á Administración, poderano ceder conforme a dereito.

2. Para que a cesión do dereito de cobramento teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación, que faga fe, do acordo de cesión.

3. Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento deberá ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista producirán efectos liberatorios.

SECCIÓN 2.^a DA MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS

Artigo 101. *Modificacións dos contratos.*

1. Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.

2. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme o disposto no artigo 54.

3. Nas modificacións dos contratos, aínda que fosen sucesivas, que impliquen illada ou conxuntamente alteracións en contía igual ou superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, sempre que este sexa igual ou superior a 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) con exclusión do imposto sobre o valor engadido, será preceptivo, ademais do informe a que se refire o número 2 do artigo 59 e da fiscalización previa nos termos do número 2, parágrafo g), do artigo 11, o informe de contido orzamentario da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda. Para tal efecto, os órganos de contratación remitirán o expediente correspondente á modificación proposta, ó que se incorporarán os seguintes documentos:

a) Unha memoria explicativa subscrita polo director facultativo da obra que xustifique a desviación producida que motiva a modificación, con expresión das circunstancias non previstas na aprobación do prego de prescricións técnicas e, se é o caso, no proxecto correspondente, documento que será expedido, nos contratos distintos ós de obras, polo servizo encargado da dirección e execución das prestacións contratadas.

b) Xustificación da improcedencia da convocatoria dunha nova licitación polas unidades ou prestacións constitutivas da modificación.

c) Nos contratos de obras, informe da Oficina de Supervisión de Proxectos sobre a adecuación da modificación proposta.

A Dirección Xeral de Orzamentos emitirá o seu informe no prazo de quince días hábiles.

O establecido neste número será tamén de aplicación nas modificacións consistentes na substitución de unidades obxecto do contrato por unidades novas en contratos nos que o importe de adxudicación sexa igual ou superior a 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) e as modificacións afecten o 30 por 100 ou máis do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, independentemente das repercusións orzamentarias a que desen lugar as modificacións.

Artigo 102. *Suspensión dos contratos.*

1. Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 99, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

2. Acordada a suspensión, a Administración aboalle ó contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este.

TÍTULO IV

Da revisión de prezos nos contratos da Administración

CAPÍTULO ÚNICO

Disposicións xerais

Artigo 103. *Revisión de prezos.*

1. A revisión de prezos nos contratos regulados nesta lei terá lugar nos termos establecidos neste título se o contrato se executou no 20 por 100 do seu importe e transcorreu un ano desde a súa adxudicación, de tal modo que nin a porcentaxe do 20 por 100, nin o primeiro ano de execución, contando desde a dita adxudicación, poden ser obxecto de revisión.

2. En ningún caso terá lugar a revisión de prezos nos contratos en que o pagamento se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción a compra a que se refire o artigo 14, nin nos contratos menores.

3. O prego de cláusulas administrativas particulares deberá detalla-la fórmula ou sistema de revisión aplicable e, en resolución motivada, poderá establecerse a súa improcedencia que igualmente deberá facerse constar no dito prego.

Artigo 104. *Sistema de revisión de prezos.*

1. A revisión de prezos levarase a cabo mediante os índices ou fórmulas de carácter oficial que determine o órgano de contratación. Non obstante, nos contratos de obras e nos de subministración de fabricación o Consello de Ministros, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, aprobará fórmulas tipo segundo o contido das diferentes prestacións comprendidas nos contratos.

2. As fórmulas tipo reflectirán a participación no prezo do contrato da man de obra e dos elementos básicos.

Estas fórmulas deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado» e serán revisables cada dous anos, como mínimo. De entre as fórmulas tipo o órgano de contratación, no prego de cláusulas administrativas particulares, determinará as que considere máis adecuadas ó respectivo contrato, sen prexuízo de que, se ningunha delas coincide coas características do contrato, se propondan as fórmulas especiais, que deberán ser igualmente aprobadas polo Consello de Ministros.

3. O índice ou fórmula de revisión aplicados ó contrato será invariable durante a vixencia deste e determinará a revisión de prezos en cada data respecto da data final de prazo de presentación de ofertas na poxa e no concurso e a da adxudicación no procedemento negociado.

4. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos aprobará os índices mensuais de prezos, que deberán ser publicados no «Boletín Oficial del Estado».

Os índices reflectirán as oscilacións reais do mercado e poderán ser únicos para todo o territorio nacional ou determinarse por zonas xeográficas.

Artigo 105. Coeficiente de revisión

As fórmulas de revisión servirán para calcular, mediante a aplicación de índices de prezos, os coeficientes de revisión en cada data respecto da data e períodos determinados no artigo 104.3, aplicándose os seus resultados ós importes líquidos das prestacións realizadas que teñan dereito a revisión.

Artigo 106. Procedemento de revisión.

Cando se utilicen fórmulas de revisión de prezos nos contratos de obras e subministración de fabricación, procederase á revisión mediante a aplicación do coeficiente resultante daquelas sobre o prezo líquido da prestación realizada.

Artigo 107. Revisión en casos de demora na execución.

Cando a cláusula de revisión se aplique sobre períodos de tempo nos que o contratista incorrese en mora, e sen prexuízo das penalidades que sexan procedentes, os índices de prezos que deberán ser tidos en conta serán aqueles que terían correspondido ás datas establecidas no contrato para a realización da prestación en prazo, agás que os correspondentes ó período real de execución produzan un coeficiente inferior, caso en que se aplicarán estes últimos.

Artigo 108. Pagamento do importe da revisión.

O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o aboamento ou desconto correspondente nas certificacións ou pagamentos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non se puidesen incluír nas ditas certificacións ou pagamentos parciais.

TÍTULO V**Da extinción dos contratos****CAPÍTULO I****Disposición xeral****Artigo 109. Extinción dos contratos.**

Os contratos extinguíranse por cumprimento ou por resolución.

CAPÍTULO II**Do cumprimento dos contratos****Artigo 110. Cumprimento dos contratos e recepción.**

1. O contrato entenderase cumprido polo contratista se este realizou, de acordo cos termos daquel e á satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

2. En todo caso a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte a se produci-la entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares, por razón das características do obxecto do contrato. A Intervención da Administración correspondente seralle comunicado, cando a dita comunicación sexa preceptiva, o acto para a súa asistencia potestativa a el nas súas funcións de comprobación do investimento.

3. Nos contratos fixarase un prazo de garantía que se contará a partir da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, agás os supostos en que se estableza outro prazo nesta lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.

4. Excepto nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 147.3, dentro do prazo dun mes, contado desde a data da acta de recepción, deberá acordarse e ser notificada ó contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. De se producir demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibi-lo xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos, a partir dos dous meses seguintes á liquidación.

CAPÍTULO III**Da resolución dos contratos****Artigo 111. Causas de resolución.**

Son causas de resolución do contrato:

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.

b) A declaración de quebra, de suspensión de pagamentos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento, ou o acordo de quitación e espera.

c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.

d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou das especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na lei e a non formalización do contrato en prazo.

e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado no artigo 71.2, parágrafo d).

f) A falta de pagamento por parte da Administración no prazo de oito meses, conforme o artigo 99.6.

g) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais.

h) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.

i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato no articulado desta lei.

Artigo 112. Aplicación das causas de resolución.

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, se é o caso, mediante procedemento na forma que regulamentariamente se determine.

2. A declaración de quebra, de concurso de acredores, de insolvente ou de falido en calquera procedemento orixinará sempre a resolución do contrato.

Nos restantes casos de resolución de contrato o dereito para exercitala será potestativo para aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a ela, sen prexuízo de que nos supostos de modificacións en máis do 20 por 100 previstos nos artigos 149, parágrafo e); 192, parágrafo c), e 214, parágrafo c), a Administración tamén poida instar a resolución.

3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual a Admi-

nistración poderá acorda-la continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.

4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución imputable ó contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

5. Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes del.

6. Nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas dela continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes del, sempre que a entidade resultante ou beneficiaria manteña a solvencia esixida ó acordarse a adxudicación.

7. Na quitación e espera e na suspensión de pagamentos a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista presta as garantías suficientes a xuízo daquela para a execución daquel.

8. Se a causa de resolución fose a falta de prestación de garantías complementarias, a resolución afectará a totalidade do contrato.

9. No suposto de demora a que se refire o parágrafo e) do artigo anterior, se as penalidades a que dese lugar a demora no cumprimento do prazo alcanzasen un múltiplo do 5 por 100 do importe do contrato, observarase o disposto no artigo 95.4.

10. O incumprimento das obrigas derivadas do contrato por parte da Administración orixinará a resolución daquel só nos casos previstos nesta lei.

Artigo 113. *Efectos da resolución.*

1. Nos supostos de non formalización do contrato en prazo por causas imputables ó contratista haberase que ater ó disposto no artigo 54.3.

2. Cando obedeza a mutuo acordo os dereitos das partes acomodaranse ó validamente estipulado entre a Administración e o contratista.

3. O incumprimento por parte da Administración das obrigas do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irroguen ó contratista.

4. Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemniza-la Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

5. En todo caso, o acordo de resolución conterá un pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída.

TÍTULO VI

Da cesión dos contratos e da subcontratación

CAPÍTULO ÚNICO

Disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a DA CESIÓN DOS CONTRATOS

Artigo 114. *Cesión dos contratos.*

1. Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que as cua-

lidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato.

2. Para que os adxudicatarios poidan cede-los seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice expresamente e con carácter previo a cesión.

b) Que o cedente teña executado alomenos un 20 por 100 do importe do contrato, ou realizada a explotación alomenos durante o prazo dunha quinta parte do tempo de duración do contrato se este é de xestión de servizos públicos.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixible de conformidade cos artigos 15 a 20, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito lle foi esixido ó cedente.

d) Que se formalice a cesión, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

3. O cesionario quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas que lle correspondían ó cedente.

4. A Administración non autorizará a cesión do contrato en favor de persoas incursas en suspensión de clasificacións ou inhabilitadas para contratar.

SECCIÓN 2.^a DA SUBCONTRACIÓN

Artigo 115. *Subcontratación.*

1. Salvo que o contrato dispoña o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que ten que ser executado directamente polo adxudicatario, este poderá concertar con terceiros a súa realización parcial.

2. A celebración dos subcontratos estará sometida ó cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que en todo caso se lle dea coñecemento por escrito á Administración do subcontrato que se vai celebrar, con indicación das partes do contrato que vai realiza-lo subcontratista.

Non obstante, para os contratos de carácter secreto ou reservado, ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais, de acordo con disposicións legais ou regulamentarias, ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado, a subcontratación requirirá sempre autorización expresa do órgano de contratación.

b) Que as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non excedan da porcentaxe que, superior ó 50 por 100 do importe de adxudicación, se fixe no prego de cláusulas administrativas particulares. No suposto de que tal previsión non figure no prego, o contratista poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non exceda do indicado 50 por 100 do importe de adxudicación.

c) Que o contratista se obligue a lles aboar ós subcontratistas e subministradores o pagamento do prezo pactado con uns e outros nos prazos e condicións que non sexan máis desfavorables cós establecidos no artigo 99.4 para as relacións entre Administración e contratista.

3. Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, de acordo, estrictamente, cos pregos de cláusulas administrativas particulares e cos termos do contrato.

4. En ningún caso o contratista poderá concerta-la execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 20, con excepción do seu parágrafo k), da presente lei ou que estean incursas na suspensión de clasificacións.

Artigo 116. *Pagamentos a subcontratistas e subministradores.*

A celebración de subcontratos e de contratos de subministracións derivados dun contrato administrativo deberá cumprilos seguintes requisitos:

1. O contratista obrigárase a lles aboar ós subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican a seguir.

2. Os prazos fixados serán determinados desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou polo subministrador, con indicación da súa data e do período a que corresponda.

3. A aprobación ou conformidade deberá outorgarse nun prazo máximo de trinta días, desde a presentación da factura. Dentro do mesmo prazo deberán formularse, se é o caso, os motivos de desconformidade con ela.

4. Salvo o que se dispón no seguinte número 5, o contratista deberá aboar as facturas no prazo de sesenta días desde a súa conformidade a elas. En caso de demora no pagamento, o subcontratista ou o subministrador terá dereito ó cobramento de xuros. O tipo de xuro que se aplicará ás cantidades debidas será o legal do diñeiro, incrementado en 1,5 puntos.

5. Cando o prazo de pagamento se conveña máis alá dos sesenta días establecidos no número anterior, o citado pagamento tramitarase mediante un documento que comporte a acción cambiaria; e cando o prazo de pagamento supere os cento vinte días, poderá ademais ser esixido polo subcontratista ou polo subministrador que o dito pagamento se garanta mediante aval.

Os subcontratos e os contratos de subministracións a que se refire o parágrafo anterior terán en todo caso natureza privada.

TÍTULO VII**Da contratación no estranxeiro****CAPÍTULO ÚNICO****Disposicións xerais****Artigo 117. *Contratos celebrados no estranxeiro.***

1. Ós contratos que se celebren e executen no estranxeiro, sen prexuízo de ter en conta os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que, na súa aplicación, poidan presentarse, aplicaráselle as seguintes regras:

a) Na Administración xeral do Estado a formalización destes contratos corresponderalle ó ministro de Asuntos Exteriores, que a exercerá a través das representacións diplomáticas ou consulares e que poderá delegala en favor doutros órganos, funcionarios ou persoas particulares. Nos organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social a formalización destes contratos correspóndelles ós seus representantes legais ou ás persoas nas que estes deleguen. O artigo 12 será de aplicación en canto á súa tramitación, autorización, se é o caso, adxudicación, modificación e resolución.

Nos demais organismos e entidades suxeitas a esta lei, a formalización dos contratos corresponderalles ós seus lexítimos representantes.

b) Sen prexuízo dos requisitos de capacidade que poidan esixir as leis do Estado en que se celebre o contrato, para determina-las condicións de capacidade e solvencia das empresas españolas e das pertencentes ó resto de estados membros da Comunidade Europea haberase que ater ó disposto nesta lei.

c) O prego de cláusulas administrativas particulares poderá ser substituído polo propio clausulado do contrato.

d) Os contratos poderán adxudicarse por procedemento negociado, debendo conseguirse, sempre que sexa posible, tres ofertas, alomenos, de empresas capaces de os cumprir.

e) A formalización levarase a cabo mediante documento que faga fe, remitindo os datos destes contratos á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa para os efectos previstos no artigo 118, sen prexuízo da obriga da remisión ó Tribunal de Contas prevista no artigo 57. En canto ós contratos menores, observárase o disposto con carácter xeral para eles nesta lei.

f) Ó adxudicatario esixiráselle unha garantía análoga á prevista nesta lei para asegura-la execución do contrato, sempre que iso sexa posible e adecuado ás condicións do Estado en que se efectúa a contratación e, no seu defecto, a que sexa usual e autorizada no dito Estado.

g) O pagamento do prezo condicionarase á entrega polo contratista da prestación convidada, agás que se oponha a iso o dereito ou os costumes do Estado; neste suposto deberase esixir unha garantía que cubra o anticipo.

h) Nestes contratos procurárase incluír estipulacións tendentes a preservar os intereses da Administración ante posibles incumprimentos do contratista e a autoriza-las modificacións do contrato que poidan facerse convenientes.

2. Nos contratos con empresas españolas incluíranse cláusulas de submisión ós tribunais españois.

3. Nos contratos con empresas estranxeiras procurárase, cando as circunstancias o aconsellen, a incorporación de cláusulas tendentes a resolver as discrepancias que poidan xurdir mediante fórmulas sinxelas de arbitraje. Nestes contratos poderase transixir logo de autorización do Consello de Ministros.

4. As regras contidas neste artigo non obstan para que, nos contratos que se celebren e executen nos restantes estados membros da Comunidade Europea e que teñan unha contía igual ou superior ós límites sinalados no artigo 135, no artigo 177.2 e no artigo 203.2, deban cumprirse as normas desta lei referentes á publicidade comunitaria e procedementos e formas de adxudicación dos contratos.

5. Nos contratos que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que celebre o Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, así como os que se requiran para o cumprimento de misións de paz nas que participen as Forzas Armadas españolas, que se celebren e executen no estranxeiro, a formalización dos contratos corresponderalle ó ministro de Defensa.

TÍTULO VIII**Do rexistro público de contratos****CAPÍTULO ÚNICO****Disposicións xerais****Artigo 118. *Rexistro público de contratos.***

1. Para permiti-lo coñecemento dos contratos celebrados polas distintas administracións públicas e dos seus adxudicatarios, levará un rexistro público de contratos a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda, así como os órganos correspondentes das restantes administracións públicas, manténdose a debida coordinación entre eles.

2. O Rexistro Público de Contratos da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa constituirá o soporte da estatística sobre contratación pública para fins estatais.

3. Regulamentariamente, determinarase a forma en que se comunicarán os datos sobre os contratos adxudicados e as súas modificacións, prórrogas e cumprimento ó Rexistro Público de Contratos da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e a forma en que se farán públicos os datos achegados ó citado rexistro para os efectos previstos nos números anteriores.

Artigo 119. *Recomendacións ós órganos de contratación.*

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderalles expor directamente ós órganos de contratación ou formular con carácter xeral as recomendacións pertinentes, se dos estudos sobre contratación administrativa ou dun contrato particular se deducisen conclusións de interese para a Administración.

LIBRO II

Dos distintos tipos de contratos administrativos

TÍTULO I

Do contrato de obras

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a DA PREPARACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 120. *Obxecto do contrato.*

Para os efectos desta lei enténdese por contrato de obras o celebrado entre a Administración e un empresario e que teña por obxecto:

a) A construción de bens que teñan natureza inmovible, tales como estradas, ferrocarrís, portos, canles, presas, edificios, fortificacións, aeroportos, bases navais, defensa do litoral e sinalización marítima, monumentos, instalacións varias, así como calquera outra análoga de enxeñería civil.

b) A realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou do subsolo, como dragados, sondaxes, prospeccións, inxeccións, corrección do impacto ambiental, rexeneración de praias, actuacións urbanísticas ou outros análogos.

c) A reforma, reparación, conservación ou demolición dos definidos nas letras anteriores.

Artigo 121. *Contratos menores.*

Terán a consideración de contratos menores aqueles cunha contía que non exceda de 5.000.000 de pesetas (30.050,61 euros).

Artigo 122. *Proxecto de obras.*

A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, se é o caso, aprobación e replanteo do correspondente proxecto, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

No suposto de adxudicación conxunta de proxecto e obra a execución desta quedará condicionada á super-

visión, aprobación e replanteo do proxecto pola Administración.

Artigo 123. *Clasificación das obras.*

1. Para os efectos de elaboración dos proxectos clasificaranse as obras, segundo o seu obxecto e natureza, nos grupos seguintes:

- Obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación.
- Obras de reparación simple.
- Obras de conservación e mantemento.
- Obras de demolición.

2. Son obras de primeiro establecemento as que dan lugar á creación dun ben inmovible.

3. O concepto xeral de reforma abrangue o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.

4. Considéranse como obras de reparación as necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais. Cando afecten fundamentalmente a estrutura resistente terán a cualificación de gran reparación e, en caso contrario, de reparación simple.

5. Se o menoscabo se produce no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de conservación. As obras de mantemento terán o mesmo carácter cás de conservación.

6. Son obras de demolición as que teñan por obxecto a derruba ou a destrución dun ben inmovible.

Artigo 124. *Contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración.*

1. Os proxectos de obras deberán comprender, alomenos:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa a elas, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo tipo que haxa que ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, se é o caso, e servicios afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares onde se fará a descrición das obras e se regulará a súa execución, con expresión da forma en que esta se levará a cabo, da medición das unidades executadas e o control de calidade e das obrigas de orde técnica que correspondan ó contratista.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o replanteo da obra.

g) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario.

h) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

2. Non obstante, para os proxectos de obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación, inferiores a 20.000.000 de pesetas (120.202,42 euros) e

para os restantes proxectos enumerados no artigo anterior, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, na forma que regulamentariamente se determine, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar e executa-las obras que comprende.

3. Salvo cando resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudio xeotécnico dos terreos sobre os que a obra se vai executar.

4. Nos contratos de concesión de obras públicas xuntaranse os estudos económicos e administrativos sobre réxime de utilización e tarifas que se deben aplicar.

5. Cando a elaboración do proxecto fose contratada integramente pola Administración de acordo co artigo 196.2, parágrafo a), o seu autor ou autores incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 217 a 219. No suposto de que a prestación se levase a cabo en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, de acordo co artigo 196.2, parágrafo b), as responsabilidades limitaranse ó ámbito da colaboración.

Artigo 125. *Presentación do proxecto polo empresario.*

1. A contratación conxunta de elaboración de proxecto e execución das obras correspondentes terá carácter excepcional e só poderá aplicarse nos seguintes supostos:

a) Cando o sistema constructivo puidese resultar determinante das características esenciais do proxecto.

b) Cando as características das obras permitan anticipar diversos tratamentos de trazado, deseño e orzamento.

2. En todo caso, a licitación deste tipo de contrato requirirá a redacción previa pola Administración do correspondente anteprojecto ou documento similar e só cando por causas xustificadas fose conveniente ó interese público poderá limitarse a redacta-las bases técnicas a que o proxecto deba axustarse.

3. O contratista presentaralle o proxecto ó órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replanteo. Se a Administración observase defectos ou referencias de prezos inadecuados no proxecto recibido requirirá a súa emenda do contratista, nos termos do artigo 217, sen que, entremontes, e unha vez que se proceda a nova supervisión, aprobación e replanteo do proxecto, poida iniciarse a execución de obra. No suposto de o órgano de contratación e o contratista non chegaren a un acordo sobre os prezos, o último quedará exonerado de executa-las obras, sen outro dereito fronte ó órgano de contratación que o pagamento dos traballos de redacción do correspondente proxecto.

4. Nos casos a que se refire este artigo, a orde de iniciación do expediente e a reserva de crédito correspondente fixarán o importe estimado máximo que o futuro contrato pode alcanzar. Non obstante, non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aprobación, así como á adquisición do compromiso xerado por el, ata que non se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada, circunstancias que serán recollidas no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Cando se trate da elaboración dun proxecto de obras singulares de infraestruturas hidráulicas ou de transporte, a entidade ou complexidade das cales non permita establece-lo importe estimativo da realización das obras, a previsión do prezo máximo a que se refire o número anterior limitarase exclusivamente ó proxecto. A execución da obra quedará supeditada ó estudio por parte da Administración da viabilidade do seu financiamento e á tramitación do correspondente expediente de gasto. No suposto de a Administración renunciar á

execución da obra ou non se pronunciar nun prazo de tres meses, agás que o prego de cláusulas administrativas particulares establece-se outro maior, o contratista terá dereito ó pagamento do prezo do proxecto incrementado no 5 por 100 como compensación.

Artigo 126. *Obras a tanto alzado.*

Excepcionalmente, cando a natureza da obra o permita, poderase establece-lo sistema de retribución a tanto alzado, sen existencia de prezos unitarios, nas circunstancias e condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 127. *Instruccións técnicas.*

Os proxectos deberán suxeitarse ás instruccións técnicas que sexan de obrigado cumprimento para as respectivas administracións públicas.

Artigo 128. *Supervisión de proxectos.*

Antes da aprobación do proxecto, cando a súa contía sexa igual ou superior a 50.000.000 de pesetas (300.506,05 euros), os órganos de contratación deberán solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos encargadas de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto. A responsabilidade pola aplicación incorrecta delas nos diferentes estudos e cálculos esixirase de conformidade co disposto no artigo 124.5. Nos proxectos de contía inferior á sinalada, o informe terá carácter facultativo, agás que se trate de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, supostos en que o informe de supervisión será igualmente preceptivo.

Artigo 129. *Replanteo do proxecto.*

1. Aprobado o proxecto, e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederá a efectua-lo seu replanteo, o cal consistirá en comproba-la realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en tódolos procedementos. Así mesmo, deberánse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato que se vai celebrar.

2. Na tramitación dos expedientes de contratación referentes a obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, se ben a ocupación efectiva daqueles deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

3. Nos casos de cesión de terreos ou locais por entidades públicas, será suficiente para acredita-la dispoñibilidade dos terreos a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.

4. Unha vez realizado o replanteo incorporárase o proxecto ó expediente de contratación.

SECCIÓN 2.^a DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRAS PÚBLICAS

Artigo 130. *Concepto do contrato de concesión.*

1. Considérase como contrato de concesión de obras públicas aquel no que, sendo o seu obxecto algún dos contidos no artigo 120, a contraprestación a favor do adxudicatario consista no dereito a explota-la obra ou no dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 6, o contrato de concesión de obras públicas queda suxeito ás normas de publicidade dos contratos de obras, coas especialidades previstas no artigo 139.

O concesionario deberá axustarse na explotación da obra ó establecido no artigo 161.

3. Sen prexuízo do disposto nos artigos 15 a 20 en canto a capacidade, solvencia e prohibicións de contratar dos empresarios, os que concorran, individualmente ou conxuntamente con outros, á licitación dunha concesión de obra pública poderano facer co compromiso de constituíren unha sociedade, que será a titular da concesión, no prazo e cos requisitos e condicións que estableza o prego de cláusulas administrativas particulares, sen serlle de aplicación os límites establecidos no artigo 282 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e no artigo 185 do Código de comercio.

Artigo 131. *Subcontratación parcial nas concesións de obras públicas.*

No contrato de concesión de obras públicas, a Administración poderalle impoñer ó concesionario que subcontrate con terceiros unha porcentaxe dos contratos de obras obxecto da concesión, que represente, alomenos, un 30 por 100 do valor total das ditas obras, debendo preverse que os licitadores poidan incrementalalo facendo consta-la súa cifra no contrato. Alternativamente, poderán invitar a estes para que sinalen nas súas ofertas a porcentaxe mínima que vaian subcontratar con terceiros.

Artigo 132. *Contratos das administracións públicas como concesionarias.*

Nos contratos a que se refire o artigo 130, cando o concesionario sexa algunha das administracións públicas deberá, para aquelas obras que han de ser executadas por terceiros, acomodarse integramente ó disposto nesta lei.

Artigo 133. *Contratos dos concesionarios particulares.*

1. O concesionario dun contrato de obras públicas deberá somete-los contratos que celebre cun terceiro ás normas de publicidade establecidas no artigo 135.2, agás cando medie calquera das circunstancias seguintes:

a) Que o prezo do contrato sexa inferior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro), con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

b) Que o procedemento utilizado para a súa adjudicación sexa o negociado sen publicidade.

2. Para efectos do establecido no número anterior, non se considerarán terceiros aquelas empresas que se agrupasen para obter a concesión, nin as empresas vinculadas a elas.

Artigo 134. *Empresas vinculadas.*

1. Enténdese por empresas vinculadas aquelas nas que o concesionario poida exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante ou aquelas que poidan exercerla sobre el ou que, do mesmo modo có concesionario, estean sometidas á influencia dominante doutra empresa por razón de propiedade, participación financeira ou normas que a regulen.

2. Presumirase que existe influencia dominante cando unha empresa, directa ou indirectamente, con relación a outra:

a) Estea en posesión da maioría do capital subscrito.

b) Dispoña da maioría dos votos inherentes ás participacións emitidas pola empresa.

c) Poida designar máis da metade dos membros do órgano de administración, dirección ou control da empresa.

3. As empresas que presenten ofertas para a concesión e que se atopen nas circunstancias expresadas anteriormente deberanlle xuntar a aquelas unha lista exhaustiva das empresas vinculadas.

SECCIÓN 3.^a DA PUBLICIDADE DENTRO DO ÁMBITO DA COMUNIDADE EUROPEA E DOS PROCEDIMENTOS DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 135. *Supostos de publicidade.*

1. En cada exercicio orzamentario, os órganos de contratación darán a coñecer, mediante un anuncio indicativo, as características básicas dos contratos de obras que teñan proxectado celebrar nos próximos doce meses, calquera que sexa o procedemento de adjudicación que apliquen e o importe dos cales, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro).

Este anuncio enviarase o antes posible a partir da súa programación á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas e, para que produza o efecto de redución de prazos previsto nos artigos 137 e 138, deberase ter enviado á citada oficina cunha antelación mínima de cincuenta e dous días e máxima de doce meses, a partir da data do envío do anuncio do contrato ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

2. Ademais, toda contratación de obras do indicado importe, por procedemento aberto, restrinxido ou negociado do artigo 140 deberá ser anunciada no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

3. Para o cálculo da cifra sinalada tomarase en consideración, ademais do valor da obra, o das subministracións necesarias para a súa execución postos á disposición do empresario por parte da Administración.

Artigo 136. *División por lotes.*

1. Cando a obra estea dividida en varios lotes e cada lote constituía un contrato, o importe de cada un terase en conta para a determinación da contía para efectos do artigo anterior. Emporiso, cando o importe acumulado dos lotes sexa igual ou superior á cifra indicada no artigo anterior, aplicaráselles a tódolos lotes, para os efectos de publicidade, as disposicións do citado artigo.

2. Sen embargo, o órgano de contratación poderá considerar soamente o importe individualizado de cada lote cando sexa inferior a 166.386.000 pesetas (1.000.000 de euros), con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sempre que o importe acumulado dos ditos lotes non sexa superior ó 20 por 100 do importe acumulado de tódolos lotes nos que estea dividida a obra.

Subsección 1.^a *Do procedemento aberto no contrato de obras*

Artigo 137. *Plazos para a presentación de proposicións.*

No procedemento aberto, o prazo de presentación de proposicións non será inferior a cincuenta e dous

días, contados a partir da data do envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

Se, nos prazos previstos, se enviase o anuncio indicativo a que se refire o artigo 135.1, o prazo de presentación de proposicións reducirase a trinta e seis días, como norma xeral, sen que, en ningún caso, esta redución poida ser inferior a vintedous días.

Subsección 2.^a Do procedemento restrinxido no contrato de obras

Artigo 138. Prazos.

1. No procedemento restrinxido, o prazo de recepción das solicitudes de participación será fixado de forma que non sexa inferior a trinta e sete días, a partir da data do envío do anuncio.

2. O prazo de presentación das proposicións non poderá ser inferior a corenta días, contados desde a data do envío da invitación escrita, o cal poderá ser reducido a vinteseis días se a Administración publicou o anuncio indicativo ó que se refire o parágrafo primeiro do artigo 135.1.

3. En casos de urxencia, o prazo de presentación das solicitudes de participación e o das ofertas poderá ser reducido a quince días e dez días, respectivamente, a partir da data do envío do anuncio ou da invitación.

Artigo 139. Prazos nas concesións de obras públicas.

1. Nas concesións de obras públicas, no procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de candidaturas non poderá ser inferior a cincuenta e dous días desde a data do envío do anuncio.

2. Nos contratos celebrados polos concesionarios de obras públicas, que non sexan a Administración, ós que se refire o artigo 133, tamén no procedemento restrinxido, o prazo de recepción das solicitudes de participación non será inferior a trinta e sete días e o de recepción das ofertas de corenta días, a partir da data do envío do anuncio ou da invitación a presentar unha oferta, respectivamente.

Subsección 3.^a Do procedemento negociado no contrato de obras

Artigo 140. Procedemento negociado e publicidade comunitaria.

1. O órgano de contratación poderá acorda-la aplicación do procedemento negociado respecto ás obras nas que concorran algunha das seguintes circunstancias, que deberán xustificarse no expediente:

a) Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos sexan irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato. Neste caso, o órgano de contratación non publicará o anuncio de licitación ó que se refire o número 2 deste artigo se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que, con ocasión do anterior procedemento aberto ou restrinxido, fosen admitidos á licitación.

b) Cando as obras se realicen unicamente con fins de investigación, experimentación ou perfeccionamento e non con obxecto de obter unha rendibilidade ou de cubri-los custos de investigación ou de desenvolvemento.

c) En casos excepcionais, cando se trate de obras dunha natureza ou cuns riscos que non permitan determinar previamente o prezo global.

2. Nestes supostos, cando a contía do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), o órgano de contratación deberá publicar un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» e o prazo de recepción das solicitudes non será inferior a trinta e sete días, a partir da data do envío do anuncio, que se reducirán a quince en caso de urxencia.

Artigo 141. Procedemento negociado sen publicidade.

Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorran algunha das circunstancias seguintes, que se terán que xustificar no expediente:

a) Cando o contrato non chegue a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falta de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10 por 100. Neste suposto, cando a contía do contrato sexa igual ou superior ó límite sinalado no primeiro parágrafo do artigo 135.1 remitiráselle un informe á Comisión das Comunidades Europeas, por petición desta.

b) Cando por mor da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, a execución das obras só se lle poida encomendar a un determinado empresario.

c) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no artigo 71 ou por aplicación dos prazos de publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» previstos para os casos de urxencia.

d) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se lle confíe ó contratista da obra principal, de acordo cos prezos que rexen para o contrato primitivo ou que, se é o caso, fosen fixados contradictoriamente.

Para a aplicación do establecido no parágrafo anterior, deberán concorre-los seguintes requisitos respecto do contrato principal:

1. Que as obras non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar inconvenientes maiores á Administración ou que, aínda que se poidan separar da execución do dito contrato, sexan estritamente necesarias para a súa execución.

2. Que as obras complementarias que se vaian executar definidas no correspondente proxecto estean formadas, alomenos, nun 50 por 100 do orzamento, por unidades de obra do contrato principal.

3. Que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 20 por 100 do prezo primitivo do contrato.

As demais obras complementarias que non reúnan os requisitos esixidos nos parágrafos precedentes terán que ser obxecto de contratación independente.

e) Cando se trate da repetición de obras similares a outras adxudicadas por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que as primeiras sexan conformes co proxecto base e se inclúen no anuncio do citado procedemento aberto ou restrinxido e se computase o seu importe para fixa-la contía total do contrato.

Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos, a partir da formalización do contrato inicial.

f) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme a lexislación vixente ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Neste último suposto, na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, correspondendo realizala ó titular do departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos a dita competencia poida ser delegada.

g) Os de orzamento inferior a 10.000.000 de pesetas (60.101,21 euros).

CAPÍTULO II

Da execución e modificación do contrato de obras

SECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 142. *Comprobación do replanteo.*

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización, agás casos excepcionais xustificados, o servicio da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, e a estender unha acta do resultado, que será asinada por ámbalas partes interesadas, remitíndose un exemplar dela ó órgano que celebrou o contrato.

Artigo 143. *Execución das obras e responsabilidade do contratista.*

1. As obras executaranse con estricte suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e ó proxecto que serve de base ó contrato e conforme as instrucións que en interpretación técnica deste lle dea ó contratista o director facultativo das obras. Cando as ditas instrucións sexan de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

2. Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que poidan advertirse na construción.

Artigo 144. *Forza maior.*

1. En casos de forza maior e sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, este terá dereito a unha indemnización polos danos e perdas que se lle producisen.

2. Terán a consideración de casos de forza maior os seguintes:

a) Os incendios causados pola electricidade atmosférica.

b) Os fenómenos naturais de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupcións volcánicas, movementos do terreo, temporais marítimos, inundacións ou outros semellantes.

c) Os estragos ocasionados violentamente en tempo de guerra, roubos tumultuosos ou alteracións graves da orde pública.

Artigo 145. *Certificacións e aboamentos á conta.*

1. Para os efectos do pagamento, a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguin-

tes ó mes ó que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada durante o dito período de tempo, agás prevención en contrario no prego de cláusulas administrativas particulares; estes aboamentos teñen o concepto de pagamentos á conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer, de ningún xeito, aprobación e recepción das obras que comprenden.

2. O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos á conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e almacenaxe de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme o réxime e os límites que con carácter xeral se determinen regulamentariamente, debendo aseguralos referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

SECCIÓN 2.^a DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 146. *Modificación do contrato de obras.*

1. Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, consonte o establecido no artigo 101, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha, sen prexuízo do que se establece no artigo 149, parágrafo e).

2. Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou as características das cales difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación daquelas serán fixados pola Administración, á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por un prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos fixados ou executalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade, sempre que o seu importe non exceda do 20 por 100 do prezo primitivo do contrato.

3. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, requirirá do órgano de contratación autorización para iniciarlo correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia, coas seguintes actuacións:

a) Redacción e aprobación do proxecto.

b) Audiencia do contratista, por prazo mínimo de tres días.

c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

4. Cando a tramitación dun modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e iso ocasionase graves prexuízos para o interese público, o ministro, se se trata da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e das demais entidades públicas estatais, poderá acordar que continúen provisionalmente aquelas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20 por 100 do prezo primitivo do contrato e exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente que se tramite para o efecto esixirá exclusivamente as seguintes actuacións:

a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figurará o importe aproxi-

mado da modificación, así como a descrición básica das obras que se vaian realizar.

- b) Audiencia do contratista.
- c) Conformidade do órgano de contratación.
- d) Certificado de existencia de crédito.

No prazo de seis meses deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto e no de oito meses o expediente do modificado.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas no contrato, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. A autorización do ministro para iniciar provisionalmente as obras, que non poderá ser obxecto de delegación, implicará no ámbito da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social a aprobación do gasto, sen prexuízo dos axustes que deban efectuarse no momento da aprobación do expediente do gasto.

CAPÍTULO III

Da extinción do contrato de obras

SECCIÓN 1.^a DO CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 147. *Recepción e prazo de garantía.*

1. Á recepción das obras ó seu remate e para os efectos establecidos no artigo 110.2 concorrerá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aproba-la certificación final das obras executadas, que lle será aboada ó contratista á conta da liquidación do contrato.

2. Se se encontran as obras en bo estado e consonte as prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o dito prazo o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

3. O prazo de garantía establecerase no prego de cláusulas administrativas particulares, atendendo a natureza e complexidade da obra e non poderá ser inferior a un ano, agás casos especiais.

Dentro do prazo de quince días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este é favorable, o contratista quedará eximido de toda responsabilidade, agás o disposto no artigo 148, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ó pagamento das obrigas pendentes, aplicándose a este último o disposto no artigo 99.4. No caso de o informe non ser favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dicta-las oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

4. Non obstante, naquelas obras das que a perduración non teña finalidade práctica como as de sondaxes e prospeccións que resultasen infructuosas ou que polas súa natureza esixan traballos que excedan o concepto de mera conservación como os de dragaxes non se esixirá prazo de garantía.

5. Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de seren executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato.

6. Sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servicio para o uso público, mesmo sen o cumprimento do acto formal de recepción, desde que concorran as ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan.

Artigo 148. *Responsabilidade por vicios ocultos.*

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas durante o prazo de quince anos, contados desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

SECCIÓN 2.^a DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

Artigo 149. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de obras, ademais das sinaladas no artigo 111, as seguintes:

- a) A demora na comprobación do replanteo, conforme o artigo 142.
- b) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a seis meses por parte da Administración.
- c) A desistencia ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración.
- d) Os erros materiais que poida conte-lo proxecto ou orzamento elaborado pola Administración que afecten o orzamento da obra, alomenos, nun 20 por 100.
- e) As modificacións no contrato, aínda que sexan sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato, en contía superior, en máis ou en menos, ó 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, ou representen unha alteración substancial do proxecto inicial.

Artigo 150. *Alteración substancial e suspensión da iniciación da obra.*

1. En relación co parágrafo e) do artigo anterior considerárase alteración substancial, entre outras, a modificación dos fins e características básicas do proxecto inicial, así como a substitución de unidades que afecten, alomenos, o 30 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

2. Na suspensión da iniciación das obras por parte da Administración, cando esta deixe transcorrer seis meses, contados desde aquela, sen dictar acordo sobre a dita situación e notificarlo ó contratista, este terá dereito á resolución do contrato.

Artigo 151. *Efectos da resolución.*

1. A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con-

sonte o proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ó acto de comprobación e medición.

2. Se se demorase a comprobación do replanteo, segundo o artigo 142, dando lugar á resolución do contrato, o contratista só terá dereito a unha indemnización equivalente ó 2 por 100 do prezo da adjudicación.

3. No suposto de suspensión da iniciación das obras por parte da Administración por tempo superior a seis meses, o contratista terá dereito a percibir, por tódolos conceptos, unha indemnización do 3 por 100 do prezo de adjudicación.

4. En caso de desistencia ou suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses, o contratista terá dereito ó 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, enténdéndose por obras deixadas de realizar as que resulten da diferenza entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións e as que ata a data de notificación da suspensión se executasen.

CAPÍTULO IV

Da execución das obras pola propia Administración

Artigo 152. *Supostos.*

1. A execución de obras pola Administración poderá ser verificada polos propios servizos desta a través dos seus medios persoais ou reais ou coa colaboración de empresarios particulares, sempre que neste último caso o seu importe sexa inferior a 891.521.645 pesetas (5.358.153 euros, equivalentes a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), con exclusión do imposto sobre o valor engadido, cando concorran algunha destas circunstancias:

a) Que a Administración teña montadas fábricas, arsenais, talleres ou servizos técnicos ou industriais, suficientemente aptos para a realización da obra proxectada, caso no que deberá normalmente utilizarse este sistema de execución.

b) Que a Administración posúa elementos auxiliares utilizables na obra e o emprego dos cales supoña unha economía superior ó 5 por 100 do importe do orzamento daquela ou unha maior celeridade na súa execución, xustificándose, neste caso, as vantaxes que deriven dela.

c) Que non houbese ofertas de empresarios para a execución de obras en licitación previamente efectuada.

d) Cando se trate da execución de obras que se consideren de emerxencia consonte o previsto nesta lei.

e) Cando se trate da execución de obras nas que, dada a súa natureza, sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou a dun orzamento por unidades simples de traballo.

f) Cando sexa necesario eximi-lo contratista de realizar algunhas unidades de obra por non se chegar a un acordo nos prezos contradictorios correspondentes.

g) As obras de mera conservación e mantemento nos termos definidos no artigo 123.5 desta lei.

h) Excepcionalmente, a execución de obras definidas en virtude dun anteprojecto, cando non se aplique o artigo 85, parágrafo a).

i) Nos supostos do artigo 111, parágrafo d).

2. Fóra dos supostos dos parágrafos d), g) e h) do número 1 deste artigo será inescusable a redacción do correspondente proxecto. O contido deste tipo de proxectos fixarase regulamentariamente.

3. Cando a execución das obras se efectúe mediante contratos de colaboración con empresarios particulares, estes contratos terán carácter administrativo, pero non constituirán contrato de obras, xa que a execución destas estará a cargo do órgano xestor da Administración. A selección do empresario colaborador será efectuada polos procedementos e formas de adjudicación establecidos nos artigos 73 e 74 desta lei.

4. Nos supostos dos parágrafos a) e b) do número 1 deste artigo non poderá superarse, na contratación con colaboradores, o 50 por 100 do importe total do proxecto.

Artigo 153. *Autorización para a execución de obras.*

A autorización da execución de obras e, se é o caso, a aprobación do proxecto na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais corresponderalle ó órgano competente para a aprobación do gasto.

TÍTULO II

Do contrato de xestión de servizos públicos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 154. *Réxime xeral.*

1. Os contratos mediante os que as administracións públicas lle encomenden a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público regularanse pola presente lei e polas disposicións especiais do respectivo servizo.

2. Non serán aplicables as disposicións deste título ós supostos en que a xestión do servizo público se efectúe mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin nin a aqueles en que a citada xestión se lle atribúa a unha sociedade de dereito privado no capital da cal sexa exclusiva a participación da Administración ou dun ente público desta.

Artigo 155. *Poderes da Administración e ámbito do contrato.*

1. A Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia, sempre que teñan un contido económico que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares. En ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente ós poderes públicos.

2. Antes de proceder á contratación dun servizo público, deberá determinarse o seu réxime xurídico básico que atribúa as competencias administrativas, que determine o alcance das prestacións en favor dos administrados e que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia dela.

3. En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurala boa marcha dos servizos de que se trate.

4. O contrato expresará con claridade o ámbito da xestión, tanto na orde funcional coma na territorial.

5. Estes contratos serán regulados pola presente lei, agás o establecido nos artigos 95, 96, 102 e 110 e polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan a ela.

Artigo 156. Modalidades da contratación.

A contratación da xestión dos servizos públicos adoptará calquera das seguintes modalidades:

- a) Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ó seu propio risco e ventura, sendo aplicable neste caso o previsto no número 3 do artigo 130 desta lei.
- b) Xestión interesada, en virtude da cal a Administración e o empresario participarán nos resultados da explotación do servizo na proporción que se estableza no contrato.
- c) Concerto con persoa natural ou xurídica que veña realizando prestacións análogas ás que constitúen o servizo público de que se trate.
- d) Sociedade de economía mixta na que a Administración participe, por si ou por medio dunha entidade pública, en concorrencia con persoas naturais ou xurídicas.

Artigo 157. Duración.

O contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, e no prego de cláusulas administrativas particulares fixarase necesariamente a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder-lo prazo total, incluídas as prórrogas, dos seguintes períodos:

- a) Cincuenta anos nos contratos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo público.
- b) Vintecinco anos nos contratos que comprendan a explotación dun servizo público non relacionado coa prestación de servizos sanitarios.
- c) Dez anos nos contratos que comprendan a explotación dun servizo público que teña por obxecto a prestación de servizos sanitarios sempre que non estean comprendidos no parágrafo a).

CAPÍTULO II**Das actuacións administrativas preparatorias do contrato de xestión de servizos públicos****Artigo 158. Actuacións preparatorias do contrato.**

1. Todo contrato de xestión de servizos públicos irá precedido da aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas, especificando o réxime xurídico básico regulador do servizo a que se refire o artigo 155 e os regulamentos especiais reguladores del, así como os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo e, se é o caso, as tarifas que se teñan de percibir dos usuarios, os procedementos para a súa revisión e o canon ou participación que se lle teña de satisfacer á Administración, cando así proceda.

2. Nos contratos que comprendan a execución de obras, a tramitación do expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización. En tal suposto serán de aplicación os preceptos establecidos nesta lei para a concesión de obras públicas.

3. Nos contratos relativos á prestación de asistencia sanitaria motivada por supostos de urxencia, por importe inferior a 2.000.000 de pesetas (12.020,24 euros), as disposicións desta lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato.

Para acreditar-la existencia dos contratos a que se refire este número, abondará, ademais da xustificación da urxencia que se atenderá, a determinación do obxecto da prestación, a fixación do prezo que se satisfará por

ela e a designación polo órgano de contratación da empresa que efectuará a correspondente prestación.

CAPÍTULO III**Dos procedementos e formas de adxudicación do contrato de xestión de servizos públicos****Artigo 159. Procedementos e formas de adxudicación.**

1. Os contratos de xestión de servizos públicos ordinariamente adxudicaránse por procedemento aberto ou restrinxido, mediante concurso. En ámbolos procedementos cumpriranse os prazos sinalados no artigo 78.

2. O procedemento negociado só poderá ter lugar, logo de xustificación razoada no expediente e acordo do órgano de contratación, nos supostos seguintes:

a) Aqueles servizos respecto dos que non sexa posible promover concorrencia na oferta.

b) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no artigo 71.

c) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme a lexislación vixente ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Nestes casos será necesario que o servizo non poida ser realizado directamente pola Administración e, no último suposto, na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, que lle corresponderá realizar ó titular do departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos a dita competencia poida ser delegada.

d) Os de xestión de servizos en que o orzamento de gastos de primeiro establecemento se prevexa inferior a 5.000.000 de pesetas (30.050,61 euros) e o seu prazo de duración sexa inferior a cinco anos.

e) Os anunciados a concurso que non chegaren a adxudicarse por falta de licitadores ou porque as proposicións presentadas non se declarasen admisibles, sempre que non se modifiquen en forma substancial as condicións orixinais do contrato e a adxudicación se efectúe por un prezo non superior ó que foi obxecto da licitación primeira, sen prexuízo do establecido no número 2, parágrafo b), deste artigo.

f) Os relativos á prestación de asistencia sanitaria concertados con medios alleos, derivados dun convenio de colaboración entre as administracións públicas ou dun contrato marco, sempre que este fose adxudicado con suxeición ás normas desta lei.

CAPÍTULO IV**Da execución e modificación do contrato de xestión de servizos públicos****SECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS****Artigo 160. Execución do contrato.**

O contratista está obrigado a organizar e prestar-lo servizo con estricte suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados nel, e, se é o caso, á execución das obras conforme o proxecto aprobado polo órgano de contratación.

Artigo 161. Obrigas xerais.

O contratista estará suxeito ó cumprimento das seguintes obrigas, con carácter xeral:

- a) Presta-lo servizo coa continuidade convida e garantirlles ós particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o aboamento, se é o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.
- b) Coidar da boa orde do servizo, podendo dicta-las oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía ós que se refire o artigo 155.
- c) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.
- d) Respecta-lo principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.

Artigo 162. Prestacións económicas.

O contratista ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato e á revisión delas, se é o caso, nos termos que o propio contrato estableza.

SECCIÓN 2.^a DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS

Artigo 163. Modificación e os seus efectos.

1. A Administración poderá modificar, por razóns de interese público, as características do servizo contratado e as tarifas que teñen que ser aboadas polos usuarios.

2. Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensa-lo contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

3. No caso de que os acordos que dicte a Administración respecto do desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica, o contratista non terá dereito a indemnización por razón deles.

CAPÍTULO V

Dos efectos e extinción do contrato de xestión de servizos públicos

SECCIÓN 1.^a DO CUMPRIMENTO E EFECTOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS

Artigo 164. Reversión.

1. Cando finalice o prazo contractual, o servizo reverterá á Administración, e o contratista deberá entrega-las obras e instalacións a que estea obrigado consonte o contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

2. Durante un período prudencial anterior á reversión, que deberá fixarse no prego, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas.

Artigo 165. Falta de entrega de contraprestacións económicas e medios auxiliares.

Se a Administración non lle fai efectiva ó contratista a contraprestación económica ou non entrega os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos nel e non procede a resolución do contrato ou non a solicita o contratista, este terá dereito ó xuro legal das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 99.

Artigo 166. Incumprimento do contratista.

Se do incumprimento por parte do contratista se derívase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acorda-la intervención deste ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberalle aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente lle irrogase.

SECCIÓN 2.^a DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS

Artigo 167. Causas de resolución.

Son causas de resolución do contrato de xestión de servizos públicos, ademais das sinaladas no artigo 111, coa excepción dos seus parágrafos e) e f), as seguintes:

- a) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ó contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- b) O rescate do servizo pola Administración.
- c) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- d) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ó contrato.

Artigo 168. Aplicación das causas de resolución.

1. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista, a Administración poderá acorda-la continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores, agás disposición expresa en contrario da lexislación específica do servizo.

2. Por razóns de interese público, a Administración poderá acorda-lo rescate do servizo para xestionalo directamente.

Artigo 169. Efectos da resolución.

1. Nos supostos de resolución, a Administración aboaralle, en todo caso, ó contratista o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, teñan que pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que falte para a reversión.

2. Con independencia do disposto no artigo 113, o incumprimento por parte da Administración ou do contratista das obrigas do contrato producirá os efectos que segundas as disposicións específicas do servizo poidan afectar estes contratos.

3. No suposto do artigo 167, parágrafo a), o contratista terá dereito ó aboamento do xuro legal das cantidades debidas ou valores económicos convidados, a partir do vencemento do prazo previsto para a súa entrega, así como dos danos e perdas sufridos.

4. Nos supostos dos parágrafos b), c) e d) do artigo 167, sen prexuízo do disposto no número 1 deste artigo, a Administración indemnizará o contratista dos danos e perdas que se lle irroguen, incluídos os beneficios futu-

ros que deixe de percibir, atendendo ós resultados da explotación no último quinquenio e á perda do valor das obras e instalacións que non teñan que reverter a aquela, tendo en conta o seu grao de amortización.

CAPÍTULO VI

Da subcontratación do contrato de xestión de servizos públicos

Artigo 170. *Da subcontratación.*

No contrato de xestión de servizos públicos, a subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias.

TÍTULO III

Do contrato de subministración

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS PARA O CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 171. *Concepto.*

Para os efectos desta lei, entenderase por contrato de subministración o que teña por obxecto a compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento, con ou sen opción de compra, ou a adquisición de produtos ou bens mobles, agás os relativos a propiedades incorporais e valores negociables, que se rexerán pola lexislación patrimonial das administracións públicas aplicable a cada caso.

Artigo 172. *Contratos considerados como de subministración.*

1. En todo caso, consideraranse incluídos no artigo anterior os contratos seguintes:

a) Aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de celebra-lo contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades da Administración.

b) A adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas para o tratamento da información, dos seus dispositivos e programas e da cesión do dereito de uso destes últimos, así como de equipos e sistemas de telecomunicacións.

c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que teñan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas de acordo con características peculiares fixadas previamente pola Administración, mesmo cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

2. Malia o expresado na letra anterior, a adquisición de programas de ordenador á medida considerárase contrato de servizos.

3. Por outra parte, tamén terá a consideración de subministración o mantemento de equipos e sistemas para o tratamento da información, dos seus dispositivos e programas cando se contrate conxuntamente coa adquisición ou o arrendamento.

Artigo 173. *Tratamento da información e telecomunicacións.*

Para os efectos de aplicación desta lei, entenderase:

a) Por equipos para o tratamento da información, as máquinas ou conxuntos de máquinas e dispositivos, interconectados ou non, capaces de realiza-las operacións necesarias para prepara-la utilización da información a fins determinados.

b) Por programa de ordenador, toda secuencia de instrucións ou indicacións destinadas a ser utilizadas, directa ou indirectamente, nun sistema informático para realizar unha función ou unha tarefa ou para obter un resultado determinado calquera que sexa a súa forma de expresión e fixación.

c) Por programación, o conxunto de tarefas de concepción, análise, escritura e proba de programas, así como os labores de preparación precisos para a posta en marcha dun servizo e a realización de cantos traballos se detallan no correspondente prego de cláusulas particulares.

d) Por sistemas para o tratamento da información, os sistemas compostos de equipos e programas capaces de realiza-las funcións de entrada, proceso, almacenamento, saída e control da información, co fin de levar a cabo unha secuencia de operacións con datos.

e) Por equipos e sistemas de telecomunicacións enténdese o conxunto de dispositivos que permiten a transferencia, transporte e intercambio de información conforme a determinadas regras técnicas e a través de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Artigo 174. *Arrendamento e prórroga.*

1. No contrato de arrendamento, o arrendador ou empresario asumirá durante o prazo de vixencia do contrato a obriga do mantemento do obxecto del. As cantidades que, se é o caso, deba satisfacer a Administración en concepto de canon de mantemento fixaranse separadamente das constitutivas do prezo do arrendamento.

2. No contrato de arrendamento non se admitirá a prórroga tácita e a prórroga expresa non poderá estenderse a un período superior á metade do contrato inmediatamente anterior.

Artigo 175. *Contratos de fabricación e aplicación de normas e usos vixentes en comercio internacional.*

1. Ós contratos de fabricación, ós que se refire o artigo 172.1, parágrafo c), aplicaráselles directamente as normas xerais e especiais do contrato de obras que o órgano de contratación determine no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, agás as relativas á súa publicidade que se acomodarán, en todo caso, ó contrato de subministración.

2. Os contratos que se celebren con empresas estranxeiras de estados non pertencentes á Comunidade Europea cando o seu obxecto se fabrique ou proceda de fóra do territorio nacional e os de subministración que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que celebre o Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, rexeranse por esta lei, sen prexuízo do que se conveña entre as partes, de acordo coas normas e usos vixentes no comercio internacional.

Artigo 176. *Contratos menores.*

Os contratos comprendidos neste título terán a consideración de contratos menores cando a súa contía non

exceda de 2.000.000 de pesetas (12.020,24 euros) con excepción daqueles ós que se refire o artigo 183.1.

SECCIÓN 2.^a DA PUBLICIDADE DENTRO DO ÁMBITO
DA COMUNIDADE EUROPEA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 177. *Supostos de publicidade.*

1. Os órganos de contratación darán a coñecer, mediante un anuncio indicativo, os contratos totais por grupos de produtos que teñan un importe, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, igual ou superior a 124.789.500 pesetas (750.000 euros) e que teñan previsto celebrar durante os doce meses seguintes.

Este anuncio enviarase o antes posible a partir da súa programación á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas e, para que produza o efecto de redución de prazos previsto nos artigos 178 e 179, deberá enviarse á citada oficina cunha antelación mínima de cincuenta e dous días e máxima de doce meses, a partir da data do envío do anuncio do contrato ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

2. Ademais, nos casos de procedemento aberto, restrinxido ou negociado do artigo 181, deberá publicarse un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», cando a contía do contrato de subministración, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 35.660.846 pesetas (214.326 euros, equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro) ou a 23.179.566 pesetas (139.312 euros, equivalentes a 130.000 dereitos especiais de xiro), cando neste último suposto sexa adxudicado polos órganos de contratación da Administración xeral do Estado, polos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e polas demais entidades públicas estatais. Non obstante, non terán que publicarse no citado diario os contratos que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 178. *Prazos de presentación de proposicións no procedemento aberto.*

No procedemento aberto, o prazo de presentación de proposicións non poderá ser inferior a cincuenta e dous días, a partir da data do envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

Se, nos prazos previstos, se enviou o anuncio indicativo a que se refire o artigo 177.1, o prazo de presentación de proposicións reducirase a trinta e seis días, como norma xeral, sen que, en ningún caso, esta redución poida ser inferior a vintedous días.

Artigo 179. *Prazos no procedemento restrinxido.*

1. No procedemento restrinxido, o prazo de recepción das solicitudes de participación non poderá ser inferior a trinta e sete días, a partir da data do envío do anuncio ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

2. O prazo de recepción de ofertas non poderá ser inferior a corenta días, a partir da data de envío da invitación escrita, o cal poderá ser reducido a vinteseis días se a Administración publicou o anuncio indicativo a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 177.1

3. Os prazos sinalados nos dous números precedentes poderán ser reducidos nos casos de urxencia a quince e dez días, respectivamente.

CAPÍTULO II

Dos procedementos e formas de adxudicación do contrato de subministración

SECCIÓN 1.^a DAS FORMAS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 180. *Poxa e concurso.*

1. A poxa como forma de adxudicación do contrato de subministración só poderá utilizarse naquelas adquisicións de escasa contía nas que os produtos que se vaian adquirir estean perfectamente definidos por estaren normalizados e non ser posible variar os prazos de entrega, nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, quedando por conseguinte o prezo como único factor determinante da adxudicación.

2. Nos demais casos, o contrato de subministración adxudicase por concurso, agás que, a teor do disposto nos artigos seguintes, poida utilizarse o procedemento negociado.

SECCIÓN 2.^a DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO NO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 181. *Procedemento negociado e publicidade comunitaria.*

1. O órgano de contratación poderá acordar a aplicación do procedemento negociado no suposto de que as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos sexan irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais do contrato. Neste caso, o órgano de contratación non publicará o anuncio de licitación a que se refire o seguinte número se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que, con ocasión do anterior procedemento aberto ou restrinxido, fosen admitidos a licitación.

2. Cando a contía do contrato sexa igual ou superior ós límites sinalados no artigo 177.2, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» e o prazo de recepción das solicitudes de participación non poderá ser inferior a trinta e sete días, a partir da data do envío do anuncio, que se reducirán a quince en caso de urxencia.

Artigo 182. *Procedemento negociado sen publicidade.*

Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorran algunhas das circunstancias seguintes, que deberán xustificarse no expediente:

a) Cando o contrato non chegue a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falta de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10 por 100. Neste suposto remitiráselle un informe á Comisión das Comunidades Europeas, por petición desta, cando a contía do contrato sexa igual ou superior ós límites sinalados no artigo 177.2.

b) Cando os produtos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación, estudo ou desenvolvemento, non aplicándose esta condición á produción en serie destinada a establecer a viabilidade comercial do produto ou recupera-los custos de investigación e desenvolvemento.

c) Cando, por mor da súa especificidade técnica ou artística, ou por razóns relacionadas coa protección de dereitos exclusivos, tan só se lle poida encomendar a fabricación ou subministración do produto en cuestión a un único provedor.

d) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no artigo 71 ou por aplicación dos prazos de publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» previstos para os casos de urxencia.

e) As entregas complementarias efectuadas polo provedor inicial que constitúan, ben unha reposición de subministracións ou instalacións de uso corrente ou ben unha extensión dos subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de provedor obrigaría a Administración a adquirir material que posúa características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e mantemento desproporcionadas.

A duración de tales contratos, así como a dos contratos renovables, non poderá, como regra xeral, ser superior a tres anos.

f) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que deba celebra-lo Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, cando non existan empresas nacionais capacitadas para executalo.

g) Os que se refiren a bens dos que a uniformidade fose declarada necesaria para a súa utilización común pola Administración, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente, en virtude de concurso, de acordo co previsto no presente título.

Neste suposto terase en conta para a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais que a uniformidade a que aquel se refire terá que ser declarada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, excepto cando se trate de bens de utilización específica polos servicios dun determinado departamento ministerial, caso en que lle corresponderá a este efectualo, logo de informe da indicada dirección xeral.

h) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais, conforme a lexislación vixente ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Neste último suposto, na Administración xeral do Estado, nos seus organismos Autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e nas demais entidades públicas estatais requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, correspondendo realizala ó titular do departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos a dita competencia poida ser delegada.

i) Os de bens de contía inferior a 5.000.000 de pesetas (30.050,61 euros), límite que se eleva a 8.000.000 de pesetas (48.080,97 euros), para os supostos comprendidos no artigo 172.1, parágrafo c).

j) A adquisición de bens mobles que integran o Patrimonio Histórico Español, logo da súa valoración pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español ou polo organismo recoñecido para o efecto das comunidades autónomas, que se destinen a museos, arquivos ou bibliotecas.

k) Os de adquisición de produtos consumibles, perecedoiros ou de fácil deterioración, de contía inferior a 10.000.000 de pesetas (60.101,21 euros).

l) Nas adjudicacións dos contratos que sexan consecuencia dun acordo ou contrato marco, sempre que este último fose adjudicado con suxeición ás normas desta lei.

CAPÍTULO III

Das normas especiais de contratación da subministración

Artigo 183. *Contratación centralizada de bens.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, o ministro de Facenda poderá declarar de adquisición centralizada o mobiliario, material e equipo de oficina e outros bens. En relación cos citados bens, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado celebrará os concursos para a adopción de tipo e, se é o caso, os acordos ou contratos marco. Regulamentariamente, fixarase o procedemento para a adquisición dos referidos bens.

2. A adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información e dos seus elementos complementarios ou auxiliares corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, oídos os departamentos ministeriais en canto ás súas necesidades, coas excepcións previstas nesta lei e as que se fixen regulamentariamente.

Artigo 184. *Procedemento nos contratos para o tratamento da información.*

Na contratación de equipos ou sistemas para o tratamento da información, cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares do concurso, este poderá resolverse en dúas fases:

Na primeira procederase á selección previa das ofertas que, a xuízo da mesa de contratación, resulten máis vantaxosas para a Administración.

A segunda terá por obxecto seleccionar de entre aquelas a oferta que deba ser proposta como adjudicataria, unha vez comprobada a adecuación da oferta ós traballos previstos como básicos no prego de cláusulas.

Os que presenten ofertas seleccionadas para a segunda fase, que desenvolvan os traballos preparatorios e probas que se prescriban e que non resulten adjudicatarios do concurso, recibirán a compensación económica prevista no prego particular.

CAPÍTULO IV

Da execución e modificación do contrato de subministración

SECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 185. *Entrega e recepción.*

1. O contratista estará obrigado a entrega-los bens obxecto de subministración no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas. A mora do contratista non precisará de intimación previa por parte da Administración.

2. Calquera que sexa o tipo de subministración, o adjudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

3. Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia deles durante o tempo que medie entre unha e outra.

Artigo 186. *Pagamento do prezo.*

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Administración consonte as condicións establecidas no contrato.

Artigo 187. *Pagamento en metálico e noutros bens.*

1. Cando razóns técnicas ou económicas debidamente xustificadas no expediente o aconsellen, poderá establecerse no prego de cláusulas administrativas particulares que o pagamento do prezo total dos bens que se van subministrar consista parte en diñeiro e parte na entrega doutros bens da mesma clase, sen que, en ningún caso, o importe destes poida supera-lo 50 por 100 do prezo total. Para estes efectos, o compromiso de gasto correspondente limitarase ó importe que do prezo total do contrato non se satisfaga mediante a entrega de bens ó contratista, sen que teña aplicación o disposto no artigo 58 da Lei xeral orzamentaria, no artigo 146.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, ou nas normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.

2. A entrega dos bens pola Administración acordada o órgano de contratación, polo mesmo procedemento que se siga para a adxudicación do contrato de subministración, e o dito acordo implicará de seu a baixa no inventario e, se é o caso, a desafectación dos bens de que se trate.

3. Neste suposto o importe que do prezo total da subministración corresponda ós bens entregados pola Administración será un elemento económico que se valorará para a adxudicación do contrato e deberá ser consignado expresamente polos empresarios nas súas ofertas.

Artigo 188. *Facultades da Administración no proceso de fabricación.*

A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que teña que ser entregado como consecuencia do contrato, e poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e dictar cantas disposicións estime oportunas para o estricto cumprimento do convindo.

SECCIÓN 2.^a DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 189. *Modificación do contrato de subministración.*

Cando como consecuencia das modificacións do contrato de subministración se produzan aumento, redución ou supresión das unidades de bens que integran a subministración ou a substitución duns bens por outros, sempre que estes estean comprendidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña ningún dereito en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de bens a reclamar indemnización polas ditas causas, sen prexuízo do establecido no artigo 192, parágrafo c).

CAPÍTULO V

Da extinción do contrato de subministración

SECCIÓN 1.^a DO CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 190. *Gastos de entrega e recepción.*

1. Salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ó lugar convindo serán por conta do contratista.

2. Se os bens non están en estado de seren recibidos farase constar así na acta de recepción e daránselle as instrucións precisas ó contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Artigo 191. *Vicios ou defectos durante o prazo de garantía.*

1. Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados a Administración terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación deles se é suficiente.

2. Durante este prazo de garantía o contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.

3. Se o órgano de contratación estima, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ó contratista e existe a presunción de que a reposición ou reparación dos ditos bens non abondarán para lograr aquel fin, poderá, antes de expira-lo dito prazo, rexeita-los bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

4. Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os números 1 e 3 deste artigo, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

SECCIÓN 2.^a DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

Artigo 192. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de subministración, ademais das sinaladas no artigo 111, as seguintes:

a) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, agás que no prego se sinale outro menor.

b) A desistencia ou a suspensión da subministración por un prazo superior ó ano acordada pola Administración, agás que no prego se sinale outro menor.

c) As modificacións no contrato, aínda que sexan sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis ou en menos, ó 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, ou representen unha alteración substancial da prestación inicial.

Artigo 193. *Efectos da resolución.*

1. A resolución do contrato dará lugar á recíproca devolución dos bens e do importe dos pagamentos realizados, e, cando non sexa posible ou conveniente para a Administración, deberá aboar esta o prezo dos efectivamente entregados e recibidos de conformidade.

2. No suposto de suspensión da iniciación da subministración por tempo superior a seis meses, só terá dereito o contratista a percibir unha indemnización do 3 por 100 do prezo da adxudicación.

3. No caso de desistencia ou de suspensión da subministración por prazo superior a un ano por parte da Administración, o contratista terá dereito ó 6 por 100 do prezo das entregas deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial.

CAPÍTULO VI

Da fabricación de bens mobles por parte da Administración

Artigo 194. *Supostos.*

1. A fabricación de bens mobles pola Administración poderá ser verificada polos seus propios servicios mediante os seus medios persoais ou reais ou coa colaboración de empresarios particulares, sempre que neste último caso o seu importe sexa inferior ós límites fixados no artigo 177.2, cando concorran algunha destas circunstancias:

a) Que a Administración teña montadas fábricas, arsenais, talleres ou servicios técnicos ou industriais, suficientemente aptos para a realización da subministración, caso en que deberá normalmente utilizarse este sistema de execución.

b) Que a Administración dispoña de elementos persoais e materiais utilizables para a realización da subministración e o emprego dos cales supoña unha economía superior ó 20 por 100 do seu orzamento ou unha maior celeridade na súa execución, xustificándose neste caso as vantaxes que deriven dela.

c) Que non houberse ofertas de empresarios para a subministración en licitación previamente convocada.

d) Cando se trate de subministracións que se consideren de emerxencia consonte a presente lei.

e) Cando se trate de subministracións nas que pola súa natureza sexa imposible a fixación previa dun prezo certo.

f) No suposto do artigo 111, letra d).

2. Cando a fabricación do ben moble se efectúe mediante contratos de colaboración con empresarios particulares, estes contratos terán carácter administrativo, pero non constituirán contrato de subministración, xa que a fabricación dos bens estará a cargo do órgano xestor da Administración. A selección do empresario colaborador efectuarase polos procedementos establecidos nos artigos 73 e 74 desta lei.

3. Exceptúanse das limitacións precedentemente indicadas aquelas subministracións que, por razóns de defensa ou de interese militar, resulte conveniente que as execute a Administración.

Artigo 195. *Autorización para a fabricación de bens mobles.*

A autorización da fabricación de bens mobles e, se é o caso, a aprobación do proxecto, na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, corresponderalle ó órgano competente para a aprobación do gasto.

TÍTULO IV

Dos contratos de consultoría e asistencia e dos de servicios

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 196. *Concepto.*

1. Os contratos de consultoría e asistencia e os de servicios que celebre a Administración rexeranse por esta lei.

2. Son contratos de consultoría e asistencia aqueles que teñan por obxecto:

a) Estudiar e elaborar informes, estudos, plans, anteproxectos, proxectos de carácter técnico, organizativo, económico ou social, así como a dirección, supervisión e control da execución e mantemento de obras, instalacións e da implantación de sistemas organizativos.

b) Levar a cabo, en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, as seguintes prestacións:

1.^a Investigación e estudos para a realización de calquera traballo técnico.

2.^a Asesoramento para a xestión de bens públicos e organización de servicios do mesmo carácter.

3.^a Estudio e asistencia na redacción de proxectos, anteproxectos, modificación duns e outros, dirección, supervisión e control da execución e mantemento de obras e instalacións e da implantación de sistemas organizativos.

4.^a Calquera outra prestación directa ou indirectamente relacionada coas anteriores e na que tamén predominen as de carácter intelectual, en particular os contratos que a Administración celebre con profesionais, en función da súa titulación académica, así como os contratos para o desenvolvemento de actividades de formación do persoal das administracións públicas.

3. Son contratos de servicios aqueles nos que a realización do seu obxecto sexa:

a) De carácter técnico, económico, industrial, comercial ou calquera outro de natureza análoga, sempre que non se encontren comprendidos nos contratos de consultoría e asistencia ou nalgún dos regulados noutros títulos deste libro.

b) Complementario para o funcionamento da Administración.

c) De mantemento, conservación, limpeza e reparación de bens, equipos e instalacións.

d) Os programas de ordenador desenvolvidos á medida para a Administración, que serán de libre utilización por ela.

e) A realización de enquisas, tomas de datos e outros servicios análogos.

Non poderán celebrarse contratos de servicios con empresas de traballo temporal, agás o suposto expresado na letra e) e só cando se precise á posta a disposición da Administración de persoal con carácter eventual. En tal suposto, vencido o prazo a que se refire o artigo 198.3, non poderá producirse a consolidación como persoal das administracións públicas das persoas que, procedentes das citadas empresas, realicen os traballos que constitúan o obxecto do contrato, sen que sexa de aplicación, para tal efecto, o establecido no artigo 7.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

4. Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente ós poderes públicos.

Artigo 197. *Requisitos de capacidade e compatibilidade.*

1. Nestes contratos, ademais das condicións xerais esixidas por esta lei, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas que pola súa finalidade ou actividade teñan relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente, e dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

2. Os contratos de consultoría e asistencia que teñan por obxecto a vixilancia, supervisión, control e dirección da execución de obras e instalacións, agás que os pregos dispoñan expresa e xustificadamente o contrario, non poderán adxudicarse ás mesmas empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de obras nin ás empresas a estas vinculadas no sentido en que son definidas no artigo 134.

Artigo 198. *Duración.*

1. Os contratos de consultoría e asistencia e os de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a dous anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das administracións públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, nin estas poidan ser concertadas illada ou conxuntamente por un prazo superior ó fixado orixinalmente.

2. Malia o disposto anteriormente, os contratos regulados neste título que sexan complementarios de contratos de obras ou de subministración poderán ter un prazo superior de vixencia que, en ningún caso, excederá do prazo de duración do contrato principal, agás nos contratos que comprenden traballos relacionados coa liquidación do contrato principal, en que o prazo final excederá do deste no tempo necesario para realíalos. A iniciación do contrato complementario a que se refire este número quedará en suspenso, agás causa xustificada derivada do seu obxecto e contido, ata que comece a execución do correspondente contrato de obras.

Soamente terán o concepto de contratos complementarios aqueles cun obxecto que se considere necesario para a correcta realización da prestación ou prestacións obxecto do contrato principal.

3. Os contratos ós que se refire o parágrafo último do número 3 do artigo 196 en ningún caso poderán supera-lo prazo de seis meses, extinguíndose ó seu vencemento sen posibilidade de prórroga.

4. Os contratos para a defensa xurídica e xudicial da Administración terán a duración precisa para atender adecuadamente as súas necesidades.

Artigo 199. *Contratación centralizada.*

Os contratos de servizos poderán ser declarados de contratación centralizada na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, de conformidade co disposto no artigo 183.1. Así mesmo, o servizo poderá ser levado a cabo pola propia Administración coa colaboración de empresas, aplicándose neste caso e no procedente o artigo 194.

Artigo 200. *Réxime de contratación para actividades docentes.*

1. Nos contratos regulados neste título que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes en centros do sector público desenvolvidas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento do persoal ó servizo da Administración ou cando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións ou calquera outro tipo similar de actividade, sempre que as ditas actividades sexan realizadas por persoas físicas, as disposicións desta lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato.

2. Nesta clase de contratos poderá establecerse o pagamento parcial anticipado, logo de constitución de garantía por parte do contratista, sen que poida autorizarse a súa cesión.

3. Para acreditar a existencia dos contratos a que se refire este artigo, abondará coa designación ou nomeamento por autoridade competente.

Artigo 201. *Contratos menores.*

Os contratos comprendidos neste título terán a consideración de contratos menores cando a súa contía non exceda de 2.000.000 de pesetas (12.020,24 euros), agás nos contratos a que se refire o artigo 196.3, concertados con empresas de traballo temporal nos que non existirá esta categoría de contratos.

CAPÍTULO II

Das actuacións administrativas preparatorias destes contratos

Artigo 202. *Xustificación do contrato e determinación do prezo.*

1. Ó expediente de contratación deberá incorporarse un informe do servizo interesado na celebración do contrato, no que se xustifique debidamente a insuficiencia, a falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliar-los medios persoais e materiais con que conta a Administración para cubri-las necesidades que se trata de satisfacer a través do contrato.

2. No prego de cláusulas administrativas particulares establecerase o sistema de determinación do prezo destes contratos que poderá consistir en prezos referidos a compoñentes da prestación, unidades de obra, unidades de tempo ou en aplicación de honorarios por tarifas, nun tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición ou nunha combinación de varias destas modalidades.

CAPÍTULO III

Da publicidade dentro do ámbito da Comunidade Europea e do procedemento e formas de adxudicación destes contratos

SECCIÓN 1.^a DA PUBLICIDADE DESTES CONTRATOS

Artigo 203. *Supostos de publicidade.*

1. Os órganos de contratación darán a coñecer, mediante un anuncio indicativo, os contratos que teñan proxectado celebrar durante os doce meses seguintes en cada unha das categorías 1 a 16 das enumeradas no artigo 206, sempre que o seu importe, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior a 124.789.500 pesetas (750.000 euros).

Este anuncio enviarase o antes posible a partir da súa programación á Oficina de Publicacións Oficiais das

Comunidades Europeas e, para que produza o efecto de redución de prazos previsto no artigo 207, números 1 e 3, deberá enviarse á citada oficina cunha antelación mínima de cincuenta e dous días e máxima de doce meses a partir da data do envío do anuncio do contrato ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

2. Ademais, cando o contrato tamén estea comprendido nas categorías 1 a 16 das enumeradas no artigo 206, deberá publicarse un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» cando teñan que adxudicarse por procedemento aberto, por procedemento restrinxido ou por procedemento negociado con publicidade comunitaria, sempre que a súa contía, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior ás seguintes cifras:

a) 33.277.200 pesetas (200.000 euros) nos contratos da categoría 8 e nos contratos da categoría 5 consistentes en servizos de difusión de emisións de televisión e de radio, en servizos de conexión e en servizos integrados de telecomunicacións.

b) 23.179.566 pesetas (139.312 euros, equivalentes a 130.000 dereitos especiais de xiro), nos restantes contratos das categorías 1 a 16 do artigo 206, cando teñan que ser adxudicados polos órganos de contratación da Administración xeral do Estado, incluídos os dos seus organismos autónomos.

c) 35.660.846 pesetas (214.326 euros, equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro) no mesmo suposto do parágrafo b), cando teñan que adxudicarse polos restantes órganos de contratación.

Artigo 204. *División por lotes.*

Cando exista división en varios lotes, para efectos da determinación da contía a que se refire o artigo anterior, aplicaranse as regras establecidas no artigo 136, substituíndo a cifra de 166.386.000 pesetas (1.000.000 de euros) que figura no seu número 2 pola de 13.310.880 pesetas (80.000 euros).

Artigo 205. *Excepción de publicidade comunitaria.*

Malia o disposto no artigo 203, non será obrigatoria a publicación do anuncio indicativo nin do anuncio de licitación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», calquera que sexa a súa contía, nos seguintes contratos:

a) Os relativos ó desenvolvemento, produción de programas e tempo de difusión en medios audiovisuais e os de telefonía de voz, télex, radiotelefonía móbil, buscapersoas e comunicación por satélite.

b) Os de investigación e desenvolvemento remunerados integramente polo órgano de contratación, sempre que os seus resultados non se reserven exclusivamente para a utilización no exercicio da actividade do propio órgano de contratación.

c) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 206. *Categorías dos contratos.*

Para a aplicación do artigo 203, os contratos agrúpanse nas seguintes categorías:

1. Mantemento e reparación.
2. Transporte por vía terrestre, excluído o transporte por ferrocarril e incluídos os furgóns blindados e mensaxería, excepto o transporte por correo.
3. Transporte aéreo de pasaxeiros e carga, excepto transporte por correo.
4. Transporte de correo por vía terrestre e aérea, excepto transporte por ferrocarril.
5. Telecomunicación.

6. Servizos financeiros:

- a) Servizos de seguros.
- b) Servizos bancarios e de investimentos.

7. Informática e servizos conexas.

8. Investigación e desenvolvemento.

9. Contabilidade, auditoría e mantemento de libros.

10. Investigación de estudos e enquisas de opinión pública.

11. Consultoría de dirección e conexas, excepto arbitraje e conciliación.

12. Arquitectura, enxeñería, planificación urbana e arquitectura paisaxística. Consultoría en ciencia e tecnoloxía. Ensaos e análises técnicas.

13. Publicidade.

14. Limpeza de edificios e administración de bens inmóbiles.

15. Edición e imprenta.

16. Rede de sumidoiros e eliminación de refugallo. Saneamento e similares.

17. Hostalería e restaurante.

18. Transporte por ferrocarril.

19. Transporte fluvial e marítimo.

20. Transporte complementario e auxiliar.

21. Servizos xurídicos.

22. Colocación e selección de persoal.

23. Investigación e seguridade, excepto furgóns blindados.

24. Educación e formación profesional.

25. Sociais e de saúde.

26. Esparexemento, culturais e deportivos.

27. Outros.

Artigo 207. *Prazos no procedemento aberto, restrinxido e negociado.*

1. No procedemento aberto o prazo de presentación de proposicións non poderá ser inferior a cincuenta e dous días contados a partir da data do envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

Se, nos prazos previstos, se enviou o anuncio indicativo a que se refire o artigo 203.1, o prazo de presentación de proposicións reducirase a trinta e seis días, como norma xeral, sen que, en ningún caso, esta redución poida ser inferior a vintedous días.

2. No procedemento restrinxido e no negociado do artigo 209 o prazo de recepción de solicitudes de participación non poderá ser inferior a trinta e sete días a partir da data do envío do anuncio.

3. O prazo de presentación das proposicións, no procedemento restrinxido, non poderá ser inferior a corenta días contados a partir da data do envío da invitación escrita, o cal poderá ser reducido a vinteseis días se se publicou o anuncio indicativo a que se refire o artigo 203.1.

4. En caso de urxencia, os prazos sinalados nos dous números anteriores para a recepción de solicitudes de participación e para a presentación das proposicións poderán ser reducidos a quince e dez días, respectivamente, a partir da data do envío do anuncio ou da invitación.

SECCIÓN 2.^a DOS PROCEDIMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN

Artigo 208. *Procedementos e formas de adxudicación.*

1. Os contratos de consultoría e asistencia e os de servizos adxudicaránse por procedemento aberto, restrinxido ou negociado, este último unicamente nos supostos sinalados nos artigos 209 e 210.

2. A poxa como forma de adxudicación só poderá utilizarse en contratos de escasa contía nos que o seu obxecto estea perfectamente definido tecnicamente e non sexa posible introducir modificacións de ningunha clase nel, quedando o prezo como único factor determinante da adxudicación.

3. O concurso será a forma normal de adxudicación destes contratos, agás o establecido nos citados artigos 209 e 210.

Artigo 209. Procedemento negociado e publicidade comunitaria.

1. O órgano de contratación poderá acorda-la aplicación do procedemento negociado respecto dos contratos nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, que deberán xustificarse no expediente:

a) Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos ou restrinxidos sexan irregulares ou inaceptables, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato. Neste caso, o órgano de contratación non publicará o anuncio de licitación ó que se refire o número 2 deste artigo se se inclúen no procedemento negociado tódolos licitadores que, con ocasión do anterior procedemento aberto ou restrinxido, fosen admitidos á licitación.

b) Cando a natureza do contrato, especialmente nos de carácter intelectual e nos comprendidos na categoría 6 das enumeradas no artigo 206, non permita establece-las súas condicións para adxudicalo por procedemento aberto ou restrinxido.

c) En casos excepcionais, cando se trate de contratos que pola súa natureza ou riscos non permitan determinar previamente o prezo global.

2. Nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, cando a contía do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, sexa igual ou superior ás contías fixadas no artigo 203, segundo categorías e órganos de contratación, estes últimos deberán publicar un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» aplicándose o prazo previsto no artigo 207.2.

Artigo 210. Procedemento negociado sen publicidade.

Poderá utilizarse o procedemento negociado sen publicidade previa nos seguintes supostos, que terán que ser xustificadas debidamente no expediente:

a) Cando o contrato non chegue a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falta de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis de 10 por 100. Neste suposto, remitirase un informe á Comisión das Comunidades Europeas, por petición desta, cando a contía do contrato sexa igual ou superior ós límites sinalados no artigo 203.2.

b) Cando por razóns técnicas ou artísticas ou relacionadas coa protección de dereitos exclusivos tan só poida encomendárselle o obxecto do contrato a un único empresario.

c) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables a el, demande unha pronta execución que non poida lograrse polo procedemento de urxencia regulado no artigo 71 ou por aplicación dos prazos de publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» previstos para os casos de urxencia.

d) Os estudos, servicios ou traballos complementarios que non figuren no proxecto, nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se lle confíe ó contratista principal de acordo cos prezos que rexen para o contrato inicial ou, se é o caso, fosen fixados contradictoriamente.

Para a aplicación do establecido no parágrafo anterior deberán concorre-los seguintes requisitos respecto do contrato principal:

1. Que os estudos, servicios ou traballos non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato principal sen causar graves inconvenientes á Administración ou que, aínda que se poidan separar da execución do contrato inicial, sexan estrictamente necesarios para as fases posteriores.

2. Que o importe acumulado dos estudos, servicios ou traballos complementarios non supere o 20 por 100 do importe do contrato primitivo.

Os demais estudos, servicios ou traballos que non reúnan os requisitos esixidos nos parágrafos precedentes terán que ser obxecto de contratación independente.

e) Cando se trate da repetición de estudos, servicios ou traballos similares a outros adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que os primeiros se incluíen no anuncio do citado procedemento aberto ou restrinxido e fose computado o seu importe para fixa-la contía total do contrato.

Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial.

f) Os que se refiren a contratos de servicios a uniformidade dos cales fose declarada necesaria para a súa utilización común pola Administración, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente, en virtude de concurso, de acordo co previsto neste título.

Neste suposto terase en conta para a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, que a uniformidade á que se refire terá que ser declarada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, excepto cando se trate de servicios de utilización específica polos dun determinado departamento ministerial, caso en que lle corresponderá efectualo a este, logo de informe da indicada dirección xeral.

g) Os declarados secretos ou reservados ou cando a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado. Neste último suposto, na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais requirirase declaración expresa de que concorre tal requisito, que lle corresponderá realizar ó titular do departamento ministerial respectivo, sen que para estes efectos a dita competencia poida ser delegada.

h) Os de orzamento inferior a 5.000.000 de pesetas (30.050,61 euros).

i) Os que sexan consecuencia da aplicación das disposicións do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que deba celebra-lo Ministerio de Defensa con empresas estranxeiras, cando non existan empresas nacionais capacitadas para executalo.

Estes contratos rexeranse pola presente lexislación, sen prexuízo do que se conveña entre as partes de acordo coas normas e usos vixentes no comercio internacional.

CAPÍTULO IV

Da execución e modificación destes contratosSECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN DESTES CONTRATOS**Artigo 211. Execución e responsabilidade do contratista.**

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dea ó contratista a Administración.

2. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servicios realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

SECCIÓN 2.^a DA MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS DE SERVICIOS DE MANTENIMENTO**Artigo 212. Modificación destes contratos.**

Cando como consecuencia das modificacións do contrato de servicios de mantemento se produzan aumento, redución ou supresión de equipos que manter ou a substitución duns equipos por outros, sempre que estes estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña ningún dereito en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de equipos a reclamar indemnización polas ditas causas, sen prexuízo do establecido no parágrafo c) do artigo 214.

CAPÍTULO V

Do cumprimento e da resolución destes contratosSECCIÓN 1.^a DO CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA E DOS DE SERVICIOS**Artigo 213. Cumprimento dos contratos.**

1. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, se é o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, poderá rexeitar quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo aboado.

2. Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a lle reclamar ó contratista a emenda deles.

3. Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os números anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 217, 218 e 219.

4. O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

SECCIÓN 2.^a DA RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA E DOS DE SERVICIOS**Artigo 214. Causas de resolución.**

Son causas de resolución dos contratos de consultoría e asistencia e dos de servicios, ademais das sinaladas no artigo 111, as seguintes:

a) A suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada nel para o seu comezo, agás que no prego se sinale outro menor.

b) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, agás que no prego se sinale outro menor.

c) As modificacións no contrato, aínda que sexan sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis ou en menos, ó 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, ou representen unha alteración substancial del.

d) Os contratos complementarios a que se refire o artigo 198.2 quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

Artigo 215. Efectos da resolución.

1. A resolución do contrato daralle dereito ó contratista, en todo caso, a percibi-lo prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servicios que efectivamente realizase consonte o contrato e que fosen recibidos pola Administración.

2. No suposto de suspensión da iniciación do contrato por tempo superior a seis meses, o contratista só terá dereito a percibir unha indemnización do 5 por 100 do prezo daquel.

3. No caso da letra b) do artigo anterior, o contratista terá dereito ó 10 por 100 do prezo dos estudos, informes, proxectos ou traballos pendentes de realizar en concepto de beneficio deixado de obter.

CAPÍTULO VI

Das especialidades do contrato de elaboración de proxectosSECCIÓN 1.^a DOS CONCURSOS DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO**Artigo 216. Concursos de proxectos con intervención de xurado.**

1. Considéranse concursos de proxectos os procedementos caracterizados pola intervención dun xurado composto exclusivamente por persoas físicas independentes dos participantes e que, con ou sen asignación de premios, teñan por obxecto, mediante a correspondente licitación, elaborar plans ou proxectos principalmente nos campos da ordenación territorial, o urbanismo, a arquitectura, a enxeñería e o procesamento de datos.

O xurado adoptará as súas decisións ou dictames con total independencia, sobre a base de proxectos que lle sexan presentados de maneira anónima e atendendo unicamente ós criterios indicados no anuncio da celebración do concurso.

2. Cando a contía do concurso, determinada polo importe total dos premios e pagamentos ós participantes, sexa igual ou superior ás cifras que figuran no artigo 203.2, segundo as categorías de servicios e órganos de contratación, estes últimos publicarán un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», aplicándose os prazos previstos no artigo 207.

3. Se o número de participantes é limitado, a súa selección levarase a cabo mediante criterios obxectivos, claros e non discriminatorios, indicados no anuncio e no prego que defina as características e regras do concurso.

4. A adjudicación de contratos ó gañador dun concurso de proxectos, sempre que supoñan unha continuidade do concurso e estea previsto nas súas condicións, poderá realizarse por procedemento negociado sen publicidade. De existiren varios gañadores, deberase invitar a todos a participaren na negociación.

5. Se a celebración do concurso do proxecto se anunciou no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», deberá, así mesmo, publicarse no dito diario o seu resultado, como moi tarde, corenta e oito días despois da súa resolución.

SECCIÓN 2.^a DA EMENDA DE ERROS E RESPONSABILIDADES NO CONTRATO DE ELABORACIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS

Artigo 217. *Emenda de erros e corrección de deficiencias.*

1. Cando o contrato de consultoría e asistencia consista na elaboración íntegra dun proxecto de obra, o órgano de contratación esixirá a emenda polo contratista dos defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que lle sexan imputables, outorgándolle para o efecto o correspondente prazo, que non poderá exceder de dous meses.

2. Se transcrido este prazo as deficiencias non foron corrixidas, a Administración poderá, atendendo ás circunstancias concorrentes, optar pola resolución do contrato ou por lle conceder un novo prazo ó contratista.

3. No primeiro caso procederá a incautación da garantía e o contratista incorrerá na obriga de lle aboar á Administración unha indemnización equivalente ó 25 por 100 do prezo do contrato.

4. No segundo caso, o novo prazo concedido para emenda-las deficiencias non corrixidas será dun mes improrrogable, incorrendo o contratista nunha penalidade equivalente ó 25 por 100 do prezo do contrato.

5. De se producir un novo incumprimento, procederá a resolución do contrato con obriga por parte do contratista de lle aboar á Administración unha indemnización igual ó prezo pactado con perda da garantía.

6. Cando o contratista, en calquera momento antes da concesión do último prazo, renuncie á realización do proxecto deberalle aboar á Administración unha indemnización igual á metade do prezo do contrato con perda da garantía.

Artigo 218. *Indemnizacións.*

1. Para os casos en que o orzamento de execución da obra prevista no proxecto se desvíe en máis dun 20 por 100, tanto por exceso como por defecto, do custo real dela como consecuencia de erros ou omisións imputables ó contratista consultor, a Administración poderá establecer, no prego de cláusulas administrativas particulares, un sistema de indemnizacións consistente nunha minoración do prezo do contrato de elaboración do proxecto, en función da porcentaxe de desviación, ata un máximo equivalente á metade daquel.

2. O baremo de indemnizacións será o seguinte:

a) No suposto de que a desviación sexa de máis do 20 por 100 e menos do 30 por 100, a indemnización correspondente será do 30 por 100 do prezo do contrato.

b) No suposto de que a desviación sexa de máis do 30 por 100 e menos do 40 por 100, a indemnización correspondente será do 40 por 100 do prezo do contrato.

c) No suposto de que a desviación sexa de máis do 40 por 100, a indemnización correspondente será do 50 por 100 do prezo do contrato.

3. O contratista deberá aboa-lo importe da dita indemnización no prazo dun mes a partir da notificación da resolución correspondente, que se adoptará, logo de tramitación de expediente con audiencia do interesado.

Artigo 219. *Responsabilidade por defectos ou erros do proxecto.*

1. Con independencia do previsto nos artigos anteriores, o contratista responderá dos danos e perdas que durante a execución ou explotación das obras se lles causen tanto á Administración como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que aquel incorrese, imputables a el.

2. A indemnización derivada da responsabilidade esixible ó contratista alcanzará o 50 por 100 do importe dos danos e perdas causados, ata un límite máximo de cinco veces o prezo pactado polo proxecto e será esixible dentro do prazo de dez anos, contados desde a recepción do proxecto pola Administración, sendo por conta desta última, se é o caso, o resto da devandita indemnización cando deba ser satisfeita a terceiros.

Disposición adicional primeira. *Modificacións de contías, prazos e outras derivadas dos anexos de directivas.*

Autorízase o Consello de Ministros para que poida modificar, mediante real decreto, logo de audiencia das comunidades autónomas e de acordo coa conxuntura económica, as contías que se indican nos artigos desta lei. Igualmente, autorízase o Consello de Ministros para acomoda-las contías e os prazos sinalados nos artigos desta lei ó que, sobre o seu importe e duración, establececese a Comunidade Europea e introducir no seu texto as oportunas modificacións derivadas dos anexos das directivas comunitarias.

Disposición adicional segunda. *Actualización de cifras fixadas pola Comunidade Europea.*

As cifras que no sucesivo sexan fixadas pola Comisión Europea e se publiquen por orde do ministro de Facenda, en euros ou en dereitos especiais de xiro, substituirán as que figuran no texto desta lei.

Disposición adicional terceira. *Competencia para a adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información.*

1. A competencia para a adquisición de equipos e sistemas para o tratamento da información a que se refire o artigo 183.1, con excepción dos supostos de adquisición centralizada, correspóndelle ó ministro de Defensa e ós órganos de contratación das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Nos demais supostos previstos no artigo 183, tamén con excepción dos de adquisición centralizada, o ministro de Facenda poderalles atribuír competencia a outros órganos da Administración cando as circunstancias especiais ou o volume de adquisicións destes así o aconsellen.

Disposición adicional cuarta. *Terminación convencional de procedementos.*

Celebraranse con suxeición ó disposto nesta lei os contratos que se formalicen ó abeiro do establecido no

artigo 88 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando teñan por obxecto materias reguladas nesta lei.

Disposición adicional quinta. *Responsabilidades das autoridades e do persoal ó servizo das administracións públicas.*

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ó servizo das administracións públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Administración, esixirase consonte o disposto no título X da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

2. A infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na presente lei por parte do persoal ó servizo das administracións públicas, cando medie alomeno negligencia grave, constituirá falta moi grave e a súa responsabilidade disciplinaria esixirase consonte a normativa específica na materia.

Disposición adicional sexta. *Principios de contratación no sector público.*

As sociedades mercantís no capital das cales sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das administracións públicas ou dos seus organismos autónomos, ou entidades de dereito público, axustaranse na súa actividade contractual ós principios de publicidade e concorrencia, agás que a natureza da operación que se vaia realizar sexa incompatible con estes principios.

Disposición adicional sétima. *Normas de procedemento.*

Os procedementos en materia de contratación administrativa rexeranse polos preceptos contidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sendo de aplicación supletoria os da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional oitava. *Contratación con empresas que teñan no seu cadro de persoal minusválidos e con entidades sen ánimo de lucro.*

1. Os órganos de contratación poderán sinalar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a preferencia na adxudicación dos contratos para as proposicións presentadas por aquelas empresas públicas ou privadas que, no momento de acreditaren a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores minusválidos non inferior ó 2 por 100, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

2. Na mesma forma e condicións poderá establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e figuren inscritas no correspondente rexistro oficial. Neste suposto, o órgano de contratación poderá requirir destas entidades a presentación do detalle relativo á descomposición do prezo ofertado en función dos seus custos.

Disposición adicional novena. *Normas específicas de réxime local.*

1. Fíxase no 10 por 100 o límite sinalado no artigo 88.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, para a utilización do procedemento negociado nos contratos de obras, de subministración, de consultoría e asistencia e de servizos polas entidades locais, sen que en ningún caso poidan superarse os establecidos nos artigos 141, parágrafo g); 182, parágrafos i) e k), e 210, parágrafo h), desta lei.

2. Nas entidades locais será potestativa a constitución de xuntas de contratación, que actuarán como órgano de contratación nos contratos de obras que teñan por obxecto traballos de reparación simple, de conservación e de mantemento; nos contratos de subministración que se refiran a bens consumibles ou de fácil deterioración polo uso, e nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios da entidade, ou cando superando esta cifra as accións estean previstas no orzamento do exercicio a que corresponda e se realicen de acordo co disposto nas bases de execución deste.

Correspóndenlle ó pleno o acordo de constitución das xuntas de contratación e a determinación da súa composición, debendo formar parte delas necesariamente o secretario e o interventor da corporación. Os límites cuantitativos, que poderán ser inferiores ós sinalados no parágrafo anterior, ou referentes ás características dos contratos nos que intervirá a xunta de contratación, como órgano de contratación, serán determinados polo pleno por proposta do presidente cando sexa este, de acordo coas disposicións vixentes, o que teña atribuída a competencia sobre os ditos contratos.

Nos casos de actuación das xuntas de contratación prescindirase da intervención da mesa de contratación.

3. A mesa de contratación estará presidida polo presidente da corporación, ou membro desta en quen delegue, e formarán parte dela como vocais o secretario e o interventor e aqueloutros que sexan designados polo órgano de contratación entre funcionarios, persoal laboral ou concelleiros, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario un funcionario da corporación.

4. Nos supostos de modificacións dos contratos a que fai referencia o artigo 101.3, o importe de 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) será substituído polo que se corresponda co 20 por 100 dos recursos ordinarios da entidade local, agás que o importe resultante sexa superior á citada contía, caso en que será esta de aplicación. A referencia deste mesmo artigo e número á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda deberá entenderse feita á comisión especial de contas nas entidades locais en que existan.

5. Os consorcios a que se refiren os artigos 57 e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos que a participación pública sexa maioritaria adxudicarán os seus contratos conforme o disposto nesta lei.

Disposición adicional décima. *Adhesión ós sistemas de contratación centralizada de adquisición de bens e servizos.*

1. As comunidades autónomas, entidades locais, os seus organismos autónomos e entes públicos poderán adherirse ó sistema de contratación centralizada establecido nos artigos 183.1 e 199, para a totalidade ou para categorías de bens e servizos, mediante acordos coa Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. Para os efectos establecidos no parágrafo segundo do artigo 182, parágrafo g), e no parágrafo segundo

do artigo 210, parágrafo f), a declaración de uniformidade dos bens e servicios de utilización específica por algún departamento ministerial habilitará para que outros órganos de contratación, mantendo as súas competencias de contratación, poidan adherirse ós contratos que se formalicen en virtude dos concursos para a determinación de tipo que se celebren.

As comunidades autónomas e as entidades locais poderán adherirse a tales contratos, mantendo as súas competencias de contratación mediante acordos co ministerio que declarase a uniformidade de tales bens e adxudique o contrato derivado do correspondente concurso para a determinación de tipo.

3. Tamén, mediante os correspondentes acordos, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras comunidades autónomas e entidades locais.

Disposición adicional décimo primeira. *Contratos celebrados nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e das telecomunicacións.*

1. Os órganos de contratación que celebren contratos comprendidos no ámbito da Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ó ordenamento xurídico español as directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE, terán en conta, para efectos de publicidade de anuncios destes contratos, os límites cuantitativos que se establecen na dita lei.

2. As entidades públicas incluídas no ámbito da Lei 48/1998, do 30 de decembro, rexeranse, no non previsto nela, polas súas normas de contratación específicas.

O ministerio ó que estean adscritas as citadas entidades poderá aprobar, cando o réxime de contratación destas sexa o de dereito privado, normas ou condicións xerais de contratación, co fin de asegura-la homoxeneización desta e o respecto ós principios de publicidade, concorrencia e non discriminación da contratación do sector público. O repertorio das normas ou condicións xerais deberá preceptivamente someterse a informe do Servicio Xurídico do Estado.

Disposición adicional décimo segunda. *Clasificación esixible polas universidades públicas.*

Para efectos do número 3 do artigo 29, para os contratos que celebren as universidades públicas que teñan a súa sede en territorio dunha comunidade autónoma producirán efecto os acordos de clasificación e revisión de clasificacións adoptados polos correspondentes órganos da comunidade autónoma respectiva.

Disposición adicional décimo terceira. *Substitución de letrados nas mesas de contratación.*

Para as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social poderán establecerse regulamentariamente os supostos en que formarán parte da mesa de contratación letrados habilitados especificamente para iso en substitución dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación.

Disposición adicional décimo cuarta. *Retención adicional de crédito nos contratos plurianuais de obra.*

Nos contratos de obra de carácter plurianual, con excepción dos realizados baixo a modalidade de aboamento total do prezo, efectuarase unha retención adicional de crédito do 10 por 100 do importe de adxudicación, no momento en que esta se realice. Esta retención aplicarase ó exercicio en que finalice o prazo fixado no contrato para a terminación da obra ou ó seguinte, segundo o momento en que se prevea realiza-lo pagamento da certificación final.

dicación, no momento en que esta se realice. Esta retención aplicarase ó exercicio en que finalice o prazo fixado no contrato para a terminación da obra ou ó seguinte, segundo o momento en que se prevea realiza-lo pagamento da certificación final.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 53/1999, do 28 de decembro.*

Os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 53/1999, do 28 de decembro, rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se estaba publicada a correspondente convocatoria de adxudicación do contrato.

Disposición transitoria segunda. *Fórmulas de revisión.*

Ata que, de conformidade co disposto no artigo 104, se aproben fórmulas tipo para a revisión de prezos, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 3650/1970, do 19 de decembro; polo Real decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior, e polo Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, para contratos de fabricación do Ministerio de Defensa, sen que resulte aplicable o sumando fixo (0,15) que figura nelas.

Disposición transitoria terceira. *Determinación de contías polos departamentos ministeriais respecto dos organismos autónomos adscritos a eles.*

Ata o momento en que os titulares dos departamentos ministeriais fixen a contía para a autorización establecida no segundo parágrafo do artigo 12.1 será de aplicación a cantidade de 150.000.000 de pesetas (901.518,16 euros).

Disposición transitoria cuarta. *Competencias en materia de subministración de bens de utilización común pola Administración.*

O Servicio Central de Subministracións e as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social continuarán exercendo as competencias que actualmente teñen atribuídas en materia de subministración dos bens a que se refire o artigo 183 desta lei ata que se desenvolva regulamentariamente.

Disposición transitoria quinta. *Espacio económico europeo.*

As referencias a estados membros da Comunidade Europea contidas nos artigos 15.2; 20, parágrafo i); 21.5; 23.1; 24.2; 25.2; 26.2; 31.2; 117.1, parágrafo b); 117.4; 161, parágrafo d), e 175.2, estenderanse ós estados signatarios do acordo sobre o espacio económico europeo.

Disposición transitoria sexta. *Efectos da falta de pagamento pola Administración.*

O disposto nos números 4, 5 e 6 do artigo 99 aplicaráselles ós contratos adxudicados a partir da entrada en vigor da Lei 13/1995, do 18 de maio. Para os adxudicados con anterioridade continuarán aplicándose, neste extremo, os preceptos da lexislación de contratos do Estado vixentes no momento da adxudicación.

Disposición transitoria sétima. *Xuntas de compras.*

Ata que non se regulen as xuntas de contratación dos diferentes departamentos ministeriais e dos orga-

nismos autónomos de conformidade co establecido no artigo 12.4, as xuntas de compras seguirán mantendo as competencias que teñan actualmente atribuídas.

Disposición transitoria oitava. *Prezos dos contratos en euros e en pesetas.*

1. Desde o 1 de xaneiro de 1999 ata o 31 de decembro do ano 2001, os prezos dos novos contratos celebrados polas administracións públicas, cando utilicen a peseta como unidade de conta, deberán facer constar a seguir o importe equivalente na unidade de conta euro ó tipo de conversión, podendo neste caso expresar unha cifra final en euros cun número de decimais non superior a seis.

2. A equivalencia utilizada para reflectir en euros os valores en distintos artigos é a de 1 euro igual a 166,386 pesetas.

Disposición derradeira primeira. *Carácter de lexislación básica e non básica.*

1. A presente lei constitúe lexislación básica dictada ó amparo do artigo 149.1.18 da Constitución e, en consecuencia, é de aplicación xeral a tódalas administracións públicas comprendidas no artigo 1, agás os seguintes artigos ou parte deles:

- o artigo 10.
- o artigo 12, a excepción do seu número 6.
- o parágrafo j) do artigo 20.
- o parágrafo segundo do número 1 do artigo 24.
- o artigo 32.
- o artigo 37.
- o artigo 38.
- o prazo de quince días previsto no número 1 do artigo 41.
- o artigo 48.
- os números 3 e 4 do artigo 49.
- o artigo 50.
- o número 2 do artigo 51.
- o prazo de trinta días previsto no artigo 54.
- o artigo 57 en canto á posible existencia nas comunidades autónomas de órganos de fiscalización equivalentes ó Tribunal de Contas.
- o número 2 do artigo 59.
- o número 2 do artigo 67.
- o número 2 do artigo 69.
- o parágrafo a) do número 2 do artigo 71.
- o último inciso do parágrafo a) do número 1 e o parágrafo b) do mesmo número do artigo 72.
- o segundo inciso do número 1 do artigo 79.
- o artigo 81 e cantas referencias se fagan á mesa de contratación noutros artigos.
- no artigo 83 o prazo máximo de vinte días do número 1, o último inciso do parágrafo a) do número 2 en canto se refire ó «preceptivo dictame do servizo xurídico do órgano de contratación», o último inciso do parágrafo primeiro do número 2.b), en canto se refire ó «informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa» e o último inciso do número 3, en canto fai referencia ó «asesoramento técnico do servizo correspondente».
- o número 1 do artigo 89.
- a cifra de vinte que figura no último inciso do parágrafo b) do número 1 do artigo 91.
- o artigo 95, excepto o número 1.
- o artigo 96, excepto os requisitos de audiencia do interesado e dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva.
- o artigo 106.
- o artigo 107.

o artigo 108.

o último inciso do número 2 do artigo 110.

os números 3, 6 e 7 do artigo 112.

o parágrafo a) do número 1 do artigo 117.

o artigo 119.

o parágrafo e) do número 1 e o número 5 do artigo 124.

os números 3, agás o seu primeiro inciso en canto se refire á expresión «o contratista presentará o proxecto ó órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replanteo», 4 e 5 do artigo 125.

o artigo 126.

o artigo 128.

a porcentaxe do 30 por 100 do artigo 131.

o último inciso do parágrafo f) do artigo 141.

o prazo dun mes e o último inciso «remitíndoselle un exemplar dela ó órgano que celebrou o contrato» do artigo 142.

o derradeiro inciso do número 1 do artigo 143.

o número 1 do artigo 145, excepto o prazo de dez días a que fai referencia.

os números 2, 3 e 4 do artigo 146 e os números 1 e 3 do artigo 147 en canto se refiren ó «director facultativo da obra».

o parágrafo segundo do número 2 e o número 4 do artigo 147.

os parágrafos a), b) e c) do artigo 149.

o artigo 151, excepto o primeiro inciso do número 1.

o artigo 152.

o artigo 153.

o último inciso do primeiro parágrafo do punto 2.c), do artigo 159.

o artigo 163.

o artigo 165.

o artigo 166.

o artigo 167.

o artigo 168.

o artigo 169, excepto o número 1.

o artigo 173.

o número 1 do artigo 174.

o artigo 182.g), parágrafo segundo, e o artigo 182.h), derradeiro inciso.

o artigo 183.

o artigo 184.

o artigo 185, excepto o primeiro inciso do número 1.

o artigo 187.

o artigo 188.

o artigo 190.

os números 1, 2 e 3 do artigo 191.

los parágrafos a) e b) do artigo 192.

o artigo 193, excepto o número 1.

o artigo 194.

o artigo 195.

o artigo 199.

o número 1 do artigo 202 en canto se refire ó «servizo interesado na celebración do contrato».

o artigo 210.f), parágrafo segundo, e o artigo 210.g), derradeiro inciso.

o número 2 do artigo 211.

os parágrafos a), b) e d) do artigo 214.

o artigo 215, excepto o número 1.

o artigo 217.

o artigo 218.

o artigo 219.

a disposición adicional terceira.

a disposición adicional décima.

a disposición adicional décimo cuarta.

a disposición transitoria terceira.

a disposición transitoria cuarta, e

a disposición transitoria sétima.

2. Para os mesmos efectos previstos no número anterior terán o carácter de máximos:

- a) os prazos de dous meses, catro meses e oito meses previstos no artigo 99.
- b) as porcentaxes do 10 e 30 e a cifra de 1.000.000.000 de pesetas (6.010.121,04 euros) que figuran no artigo 101.3.
- c) o prazo dun mes mencionado nos números 2 e 4 do artigo 110.
- d) as porcentaxes do número 2 do artigo 35.1 e do 4, 6, 20 e 16 que se recollen no artigo 36, números 1, 3, 4 e 5 e a porcentaxe do 20 que se repite no artigo 83.5.
- e) as contías dos artigos 121, 176 e 201.

3. As esixencias que para os contratos menores se establecen no artigo 56, terán a consideración de mínimas para eses efectos.

Disposición derradeira segunda. *Referencias ás administracións públicas e ós órganos da Administración xeral do Estado.*

1. Cando no texto da Lei se cite a Administración ou as administracións públicas, entenderase que se fai referencia a tódalas administracións, organismos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 1.

2. Así mesmo, cando se faga referencia a órganos da Administración xeral do Estado deberá entenderse feita, en todo caso, ós que correspondan das restantes administracións públicas, organismos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 1, agás as que se lles fan ós seguintes órganos:

- a) ó ministro de Facenda e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no artigo 21,
- b) ó ministro de Facenda, no artigo 25, número 1 do artigo 33 e disposición adicional segunda,
- c) á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no número 2 e no número 4 do artigo 28; no número 1 do artigo 33, e no artigo 34.
- d) á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, nos artigos 58, 117 e 118,
- e) ó Consello de Ministros e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no artigo 104.1, e á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no artigo 104.4, e
- f) ó Consello de Ministros, na disposición adicional primeira.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, promulgue a Administración xeral do Estado poderán ter carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario do dito carácter respecto dos artigos que o teñen atribuído conforme a disposición derradeira primeira e así se sinala na propia norma de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Información sobre obrigas de carácter laboral.*

Os órganos de contratación poderán sinalar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a autoridade ou autoridades das que os licitadores poidan obter informacións sobre as obrigas relativas ás disposicións sobre protección e condicións de traballo vixentes no territorio no que vaian executarse as obras ou prestarse os servizos, suposto no que lles solicitarán ós licitadores que manifesten se tiveron en conta nas súas ofertas tales obrigas.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11534 REAL DECRETO 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios. («BOE» 148, do 21-6-2000.)

A disposición derradeira primeira da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, faculta o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da lei.

Este real decreto regula os contratos tipo de produtos agroalimentarios dos que o ámbito de aplicación se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

Nos capítulos I e II deste real decreto desenvólvense os procedementos de homologación e prórroga dos contratos tipo agroalimentarios. O carácter simplificador destes procedementos é un dos elementos que deben salientarse e que tende a facilitarlles ás organizacións representativas a súa participación nas propostas de homologación de contratos tipo.

O capítulo III regula o procedemento para a solución das controversias que se produzan na interpretación e execución dos contratos de compravenda axustados ó contrato tipo homologado, conferíndolles un destacado papel mediador ás comisións de seguimento. Só cando estas non puidesen lograr unha solución satisfactoria no prazo establecido, poderán as partes recorrer á arbitraje.

Finalmente, dedícase o capítulo IV a desenvolver o artigo 4 da lei relativo ás comisións de seguimento, que se configuran como elemento clave dos contratos tipo e supoñen un nexa de unión coas organizacións interprofesionais agroalimentarias, habilitadas para propoñeren contratos tipo e designaren no seu seo a correspondente comisión de seguimento.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de maio de 2000,

DISP O Ñ O :

CAPÍTULO I

Homologación dos contratos tipo agroalimentarios

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, dos que o ámbito de aplicación se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 2. *Solicitud de homologación.*

A solicitude de homologación dun contrato tipo agroalimentario, asinada polos propoñentes, dirixirase ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.